



**MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO
PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE
ARTEIXO (A CORUÑA)**

SITUACION:

CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)

PETICIONARIO:

XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA - XESTUR S.A.

outubro 2019



INDICE

-) A. MEMORIA DESCRIPTIVA**
-) B. MEMORIA XUSTIFICATIVA**
-) C. ORDENANZAS REGULADORAS**
-) D. AVALIACIÓN ECONÓMICA**
-) E. PLANOS**
 - PLANOS DE INFORMACIÓN
 - PLANOS DE ORDENACIÓN
 - PLANOS DE INSTALACIÓNS

A. MEMORIA DESCRIPTIVA

INDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
1.1. ANTECEDENTES	1
1.2. OBXECTO	2
1.3. PROMOTOR	3
1.4. PRINCIPAL NORMATIVA DE APLICACIÓN	3
1.5. DOCUMENTACIÓN E TRAMITACIÓN	4
2. ANÁLISE DO ÁMBITO	8
2.1. SITUACIÓN	8
2.1.1. Localización	8
2.1.2. Delimitación do ámbito	9
2.2. DESCRIPCIÓN DO ÁMBITO	10
2.2.1. Estrutura da propiedade	11
2.2.2. Análise catastral	11
2.2.3. Medio e paisaxe.....	12
3. AFECCIÓNS	13
3.1.1. Canles fluviais.....	13
3.1.2. Patrimonio cultural	14
3.1.3. Infraestruturas de transporte de enerxía.....	14
3.1.4. Estradas	15
3.1.5. Ruído.....	16
4. CONDICIONANTES URBANÍSTICOS	20

ANEXO 1. CONTESTACIÓN AO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO SOBRE O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO

ANEXO 2. RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO

1. INTRODUCCIÓN

1.1. ANTECEDENTES

A proximidade do municipio de Arteixo ca área urbana de A Coruña foi, nos últimos anos, un condicionante decisivo na expansión do sector servizos, e especialmente das actividades de tipo comercial. Así mesmo, a importancia estratéxica de Arteixo (determinada pola existencia de importantes centros empresariais, as vías de alta capacidade A-6 e AG-55 e o Porto Exterior), outórgalle un papel preponderante como elemento aglutinador da demanda de solo empresarial do área metropolitana de A Coruña.

Neste marco idóneo, a industrialización asociada ao parque empresarial de Sabón, e a terciarización subseguinte derivada da aparición dun entramado de industrias relacionadas, así como a intensificación do fluxo de persoal e de mercancías producida polas novas infraestruturas portuarias, fan indispensable o desenvolvemento de novas bolsas de solo industrial para responder ás demandas xeradas. Ademais, como sinerxía asociada ás novas infraestruturas de transporte, resultará inevitable o establecemento dos medios de produción nas proximidades dun centro intermodal das dimensións do Porto Exterior.

Por iso, e en resposta a tales necesidades, se promove a actuación do Parque de Actividades Económicas de Arteixo (en diante ACTECA) como un novo complexo multifuncional, con potencialidades de desenvolvemento a curto, medio e longo prazo, tanto para a prestación conxunta de servizos á totalidade do conxunto do nodo loxístico da Coruña, como para potenciar a súa proxección a escala rexional, nacional e internacional.

Para ese efecto, “Xestión do Solo de Galicia-Xestur SA” (en diante XESTUR), promove a actuación que este Proxecto Sectorial desenvolve.

Así mesmo, XESTUR formalizou a adquisición do solo en virtude da potestade expropiatoria que lle confire a lexislación; redactou e tramitou o Instrumento de Ordenación adecuado para levar a cabo as actuacións sectoriais necesarias, de conformidade coa lexislación vixente en Galicia en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio.

Conforme á Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia e, especificamente, ao artigo 9.1 do Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre Plans e Proxectos Sectoriais de Incidencia Supramunicipal, á vista da indubidable transcendencia territorial de o proxecto acometido, cuxo carácter supralocal é resultado específico das súas especiais características estratéxicas, magnitude e importancia, o Instrumento de Ordenación requirido pola lexislación vixente para regular a súa implantación, correspóndese coa figura do Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal prevista no citado artigo 9.1.

O Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal do ACTECA, foi aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 22 de xullo do 2005 (DOG do 30 de setembro de 2005). Dito acordo declarou tamén a utilidade pública e o interese social das obras, instalacións e servizos previstos, así como a necesidade de ocupación para os efectos da expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución do referido proxecto.

Recentemente aprobouse o documento “Delimitación de Fases de Urbanización do Proxecto Sectorial do Parque de Actividades Económicas de Arteixo (A Coruña)”, co obxectivo de delimitar as fases de urbanización que permitan o desenvolvemento do ACTECA. Este documento desenvólvese por aplicación da Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, a cal sinala o seguinte.

Artigo 10. Execución dos proxectos sectoriais de áreas empresariais

1. A execución dos proxectos sectoriais para o desenvolvemento dunha área empresarial, cando non prevexan a división do ámbito en polígonos e o sistema de actuación previsto sexa o de expropiación, poderase desenvolver por fases de urbanización, que se executarán axustándose á demanda de solo empresarial existente.

2. A aprobación da delimitación das fases de urbanización corresponderá, logo da audiencia do concello ou concellos afectados, ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, por petición da persoa promotora, e deberá prever a orde de execución das distintas fases en que se divida a actuación e garantir que, unha vez rematada a fase correspondente, todas as parcelas desta dispoñan dos servizos urbanísticos precisos para o pleno funcionamento do ámbito correspondente, e na urbanización da fase deberá cumprirse a reserva mínima de prazas de aparcamento que lle corresponderían por aplicación dos estándares establecidos na lexislación urbanística en función da superficie de parcelas urbanizadas na dita fase.

3. A aprobación da delimitación terá os seguintes efectos:

a) Permitirá a aprobación do proxecto de parcelamento do ámbito correspondente á fase de urbanización que se vai desenvolver, cando este non figure incluído no proxecto de expropiación, e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade. A afección dos predios resultantes do parcelamento como garantía da execución das obras de urbanización quedará unicamente limitada á execución das obras correspondentes á fase de urbanización na que estea situado o predio.

A aprobación do proxecto de parcelamento corresponderá ao Instituto Galego da Vivenda e Solo cando o promotor sexa a Administración xeral da Comunidade Autónoma ou unha entidade pertencente ao sector público autonómico, con independencia de que actúe como promotor único ou conxuntamente con outros promotores públicos.

b) Permitirá a aprobación e execución de proxectos de urbanización independentes que prevexan a urbanización de cada unha das fases nas que se divida o ámbito.

c) Posibilitará a recepción das obras de urbanización da fase, unha vez executadas, polo concello respectivo e a súa afección ao uso público.

O presente documento de Modificación do Proxecto Sectorial do ACTECA, incorpora as fases definidas no documento de delimitación de fases.

Con todo, en base ao establecido na citada lei, en caso de resultar necesario nun futuro, poderá modificarse a delimitación proposta.

1.2. OBXECTO

O Proxecto Sectorial do ACTECA foi aprobado definitivamente polo Consello de la Xunta de Galicia, por acordo de 22 de xullo de 2005 (DOG do 30 de setembro de 2005). A presente "Modificación do Proxecto Sectorial do Parque de Actividades Económicas de Arteixo" (en diante Modificación), redáctase coa finalidade de modificar determinados aspectos da ordenación detallada prevista, co obxecto de facilitar a comercialización das parcelas de resultado previstas e, con elo, o seu desenvolvemento.

Os documentos que conforman a presente Modificación substitúen na súa totalidade a documentación recollida no Proxecto Sectorial en vigor. Sinálanse a continuación os documentos da modificación proposta que substitúen aos documentos que conforman o proxecto sectorial en vigor.

- O tomo A. Memoria Descritiva, do presente documento, substitúe aos documentos I. Memoria e II. Información do proxecto sectorial en vigor.
- O tomo B. Memoria Xustificativa, do presente documento, substitúe ao documento III. Ordenación, do proxecto sectorial en vigor.
- O tomo C. Ordenanzas Reguladoras, do presente documento, substitúe ao documento IV. Normas para a execución do proxecto sectorial en vigor.

- O tomo D. Planos, do presente documento, substitúe ao documento V. Planos do proxecto sectorial en vigor.

En resumo, as modificacións previstas no presente documento consisten en:

- Modificar certos aspectos detectados na definición das obras de urbanización, cara a facilitar o seu desenvolvemento.
- Adaptar a configuración das parcelas e as ordenanzas á actuais demandas das empresas.
- Incorporar medidas que melloren a sustentabilidade e eficiencia do ACTECA, considerando a incidencia da ordenación no cambio climático, acorde ás actuais políticas en materia ambiental.

1.3. PROMOTOR

O promotor do presente documento é “Xestión do Solo de Galicia-Xestur SA” (en diante XESTUR), o organismo promotor do Proxecto Sectorial e titular da totalidade do solo do ámbito, coa excepción dos dominios públicos viarios e hidráulicos.

XESTUR é unha empresa pública da Comunidade Autónoma de Galicia, participada así mesmo polas Excmas. Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra, e o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (INORDE), sendo os seus fins a elaboración de estudos urbanísticos, o desenvolvemento da actividade urbanizadora, a xestión e explotación de obras e servizos resultantes da urbanización, e calquera outra actividade relacionada coas anteriores, incluso a construción, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Actúa na súa condición de Beneficiaria da Expropiación e promotora da execución do Proxecto Sectorial do Parque de Actividades Económicas de Arteixo.

1.4. PRINCIPAL NORMATIVA DE APLICACIÓN

A principal lexislación de aplicación na redacción do presente documento é a seguinte:

- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
- Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental

1.5. DOCUMENTACIÓN E TRAMITACIÓN

O artigo 14 do Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, establece que a modificación dos proxectos suxeitarase ao mesmo procedemento que para a súa aprobación.

Artigo 14. Modificación

A modificación dos plans e proxectos sectoriais poderase realizar en calquera momento, seguindo o procedemento establecido no artigo anterior, con exclusión do trámite previsto no seu punto 1.

Artigo 13. Procedemento de aprobación

1. O Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente por razón do obxecto, e logo de informe do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, declarará, se o estima conveniente, o plan ou proxecto sectorial como de incidencia supramunicipal para os efectos previstos na Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, e determinará a consellería á que lle corresponda o seu impulso e tramitación así como, se é o caso, aquelas que teñan que colaborar nel.

Cando se trate dun proxecto sectorial en desenvolvemento dun plan sectorial previamente aprobado, non será necesaria a declaración de incidencia supramunicipal que xa foi declarada polo plan.

2. O plan ou proxecto sectorial someterase, polo prazo mínimo dun mes, ós trámites de información pública mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais dos de maior circulación na Comunidade Autónoma, e audiencia ós concellos afectados remitíndolles un exemplar completo do plan ou proxecto sectorial.

3. Á vista do resultado da información pública e dos informes emitidos, introduciranse as modificacións ou correccións que procedan no plan ou proxecto tramitado e remitiráselle o expediente completo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para o seu informe preceptivo que deberá ser emitido no prazo de dous meses.

4. O Consello da Xunta de Galicia por proposta do conselleiro impulsor do procedemento e logo do informe preceptivo do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, aprobará definitivamente o plan ou proxecto sectorial coas modificacións ou correccións que estime convenientes e, se é o caso, acordará a declaración de utilidade pública ou interese social para os efectos expropiatorios.

5. O acordo de aprobación definitiva será publicado no Diario Oficial de Galicia e o plan ou proxecto sectorial entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación.

6. Un exemplar do plan ou proxecto sectorial aprobado definitivamente seralles remitido a cada un dos concellos sobre os que se asenta a infraestrutura, dotación ou instalación e á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, con tódolos planos e documentos integrantes do plan ou proxecto sobre os que recaese o acordo de aprobación definitiva debidamente dilixenciados polo funcionario habilitado, facendo constar expresamente a dita aprobación.

Co anterior, no caso particular dunha modificación de proxecto sectorial, non resulta necesaria a declaración da súa incidencia supramunicipal.

A documentación dos proxectos sectoriais regúlase no artigo 23 da citada Lei 10/1995.

Artigo 23. Documentación e determinacións

Os plans e proxectos sectoriais constarán dos documentos necesarios para reflectir con claridade e suficiencia as seguintes determinacións:

- 1. Descrición do espazo en que se asente a infraestrutura, dotación ou instalación obxecto do plan ou proxecto, e ámbito territorial de incidencia do mesmo.*
- 2. Organismo, entidade ou persoa xurídica ou física promotor e titular da infraestrutura, dotación ou instalación.*

3. Xustificación do interese público ou utilidade social da infraestrutura, dotación ou instalación.
4. Descrición, coa especificación suficiente das características da infraestrutura, dotación ou instalación obxecto do plan ou proxecto, duración temporal estimada da súa execución e recursos económicos afectados á mesma.
5. Incidencia sobre o territorio físico, afeccións ambientais e medios de corrección ou minimización das mesmas.
6. Adecuación co plan local vixente no termo ou termos municipais en que se asente a infraestrutura, dotación ou instalación ou, no seu caso, determinacións do devandito plan local que han de ser modificadas como consecuencia da aprobación do plan ou proxecto sectorial, así como o prazo para realizar a correspondente adecuación.
7. Os proxectos sectoriais que impliquen a transformación e parcelación urbanística do solo deberán conter, ademais das determinacións esixidas neste artigo, as que se indican no artigo 66 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Cando devanditos proxectos afecten a terreos que, de conformidade coa lexislación urbanística, deban ser clasificados como solo rústico de especial protección, esixirase o informe favorable do organismo que ostente a competencia sectorial por razón do correlativo valor obxecto de protección.

Respecto ao especificado no apartado 7, ao estar actualmente derrogada a Lei 9/2002, esta referencia deberase entender á actual LSG (Lei 2/2016).

En cumprimento da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, a Modificación deberase someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

Artigo 6. *Ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica*

1. Serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que se adopten ou aproben por unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña esixida por unha disposición legal ou regulamentaria ou por acordo do Consello de Ministros ou do Consello de Goberno dunha comunidade autónoma, cando:

- a) Establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental e refíranse á agricultura, gandería, silvicultura, acuicultura, pesca, enerxía, minería, industria, transporte, xestión de residuos, xestión de recursos hídricos, ocupación do dominio público marítimo terrestre, utilización do medio mariño, telecomunicacións, turismo, ordenación do territorio urbano e rural, ou do uso do solo; ou ben,
 - b) Requiran unha avaliación por afectar a espazos Rede Natura 2000 nos termos previstos na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
 - c) Os comprendidos no apartado 2 cando así o decida caso por caso o órgano ambiental no informe ambiental estratéxico de acordo cos criterios do anexo V.
 - d) Os plans e programas incluídos no apartado 2, cando así o determine o órgano ambiental, a solicitude do promotor.
2. Serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica simplificada: a) As modificacións menores dos plans e programas mencionados no apartado anterior.
- b) Os plans e programas mencionados no apartado anterior que establezan o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
 - c) Os plans e programas que, establecendo un marco para a autorización no futuro de proxectos, non cumpran os demais requisitos mencionados no apartado anterior.

En aplicación do artigo transcrito, remitiuse a Solicitude de Inicio da presente Modificación ao órgano ambiental, a fin de determinar a necesidade de someter a Modificación ao procedemento ordinario de avaliación. En base a isto, a tramitación do documento iniciouse en xuño de 2019 co envío á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático do Borrador e o Documento Ambiental Estratéxico da proposta.

O 19 de xuño de 2019 esta Dirección Xeral iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, por un prazo de dous meses, facendo públicos os documentos na súa sede electrónica. Ao mesmo tempo consultouse a outras administracións públicas.

Resultado deste trámite foi a emisión, con data do 28 de agosto de 2019, da RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO, na que se conclúe coa innecesariedade de someter o proxecto ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

Durante o período de consultas previas ás administracións dos documentos, recibíuse resposta da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; da Dirección Xeral de Mobilidade; e da Axencia Galega de Infraestruturas. As determinacións dos informes recibidos non levan consigo a necesidade de realizar ningunha modificación substancial no documento.

A continuación inclúese o resumo do contido dos informes recibidos por parte de administracións públicas.

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

Informa que as obras de remate da urbanización e aquelas que xeren as modificacións propostas no contorno de protección da mámoa de Loureda, deberán contar coa correspondente autorización por parte da Consellería de Cultura.

Destaca tamén que previamente a calquera actividade non arqueolóxica relacionada coas obras dentro do contorno de protección xenérico establecido, un arqueólogo localizara e identificara sobre o terreo a mámoa que se balizará para a súa protección. A liña da baliza deberá estar, como mínimo, a 10 metros do límite da periferia da masa tumular, e esta a área de protección integral.

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Informa de que as estradas autonómicas AG55 e AC551 discorren polo ámbito, polo que os terreos comprendidos entre a liña exterior da zona de dominio público e a liña de edificación deberán cualificarse como sistema xeral viario. En caso contrario, clasificaranse como solo rústico de especial protección de infraestruturas.

Sinala que na modificación se recolle o novo trazado aprobado da conexión norte do parque coa estrada AC551. Este trazado é o recollido no proxecto construtivo do “Acceso ao parque de actividades económicas de Arteixo” aprobado definitivamente e cuxas obras atópanse en execución. Informa que se atopa en fase de supervisión o proxecto modificado nº1 deste proxecto, que afecta ao deseño deste acceso ao modificar a tipoloxía do enlace coa estrada AC551.

Sinala que non se recollen as afeccións acústicas para as vías de titularidade autonómica, polo que se deberán incluír na parte normativa as correspondentes limitacións de uso derivadas do ruído.

Finalmente, sinal que o proxecto deberá adaptarse á normativa sectorial indicada no correspondente informe, e no seu caso, aos proxectos de trazado, anteprojectos, proxectos de construción e aos proxectos sectoriais da rede viaria, aprobadas pola citada Axencia e que lle afecten dentro do ámbito territorial.

DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

Informa que a modificación proposta reduce considerablemente as prazas de aparcadoiro con respecto ás recollidas no plan sectorial, cumprindo non entanto coas determinacións do artigo 41 da LSG. A pesar de que as reservas previstas son superiores as mínimas esixidas, suxire que sexa incluída unha xustificación sobre si esta

redución de prazas leva emparellada unha redución da demanda de aparcadoiro, modificándose a previsión contemplada no plan sectorial. En todo caso, sinala que deberán quedar garantidas as necesidades ao respecto.

Ademais dos citados informes, recibíronse respostas ao período de consultas por parte do Grupo municipal do Bloque nacionalista Galego do Concello de Arteixo, da Asociación de Veciños de San Esteban de Morás e Lugar de Souto, e de varios particulares. Todas as súas consideracións foron analizadas e tomadas en consideración na redacción do presente documento.

2. ANÁLISE DO ÁMBITO

2.1. SITUACIÓN

O ámbito da Modificación coincide coa superficie incluída no Parque de Actividades Económicas de Arteixo (ACTECA).

2.1.1. Localización

O ACTECA atópase no Concello de Arteixo, e foi elixida en función das oportunidades estratéxicas que a área de Arteixo brinda para esta infraestrutura:

- Proximidade á costa: concretamente a Porto Exterior da Coruña, e aos Portos da Coruña e Ferrol.
- Conta con acceso directo á A-6 e á AG-55. A autovía A-6 (Madrid-A Coruña) proporciona comunicación co resto de España e a Eurorexión. A autopista AG-55 (A Coruña-Carballo) proporciona conexión coa Costa da Morte.
- Facilitade de acceso á AP-9, principal rede de transporte que proporciona comunicación coa totalidade da vertente atlántica da Comunidade (a cidades como Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo), así como acceso directo a Portugal, uns dos mercados máis relacionados coa industria galega.

Todas estas vías de comunicación principais se complementan cunha tupida rede de estradas nacionais, autonómicas, provinciais e municipais que dotan de unha elevada accesibilidade ao ámbito elixido.



Fonte: Instituto Geográfico Nacional. Visor Iberpix.

2.1.2. Delimitación do ámbito

O ámbito da presente Modificación é coincidente co ámbito do Proxecto Sectorial do ACTECA, co pequenos axustes derivados da actualización da división da propiedade efectuado como consecuencia do proxecto de expropiación aprobado.



Fonte. Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Actividades de Arteixo. Plano Ordenanza Gráfica.

2.2. DESCRIPCIÓN DO ÁMBITO

O ámbito ten unha superficie de 1.528.310 m². Neste sentido destacar que o Proxecto Sectorial en vigor definía unha superficie total para o Parque de Actividades de 1.535.754 m²; pero os traballos posteriores desenvolvidos na zona (proxecto de expropiación, proxectos de urbanización, execución parcial das obras, inicio da comercialización das parcelas, etc.), proporcionaron un coñecemento moito máis detallado do ámbito, unha maior definición das obras e actuacións a executar, así como o coñecemento das necesidades respecto da comercialización das parcelas, o que aconsella a modificación da ordenación detallada prevista, co obxectivo de adaptarse a esta información actual dispoñible.

Con esta determinación búscase mellorar a eficiencia e sustentabilidade da actuación na súa tripla vertente (económica, social e ambiental), mantendo a integridade documental e as determinacións xerais do Proxecto Sectorial en vigor.

As obras de urbanización do ACTECA atópanse sen finalizar, logo dun longo proceso de desenvolvemento e xestión urbanística; desenvolvéronse os movementos de terra e a explanación dos viais e as plataformas onde se localizarán as parcelas resultantes, así como gran parte das redes de infraestruturas de servizos necesarias.



Fonte: Instituto Geográfico Nacional. Visor Iberpix.

2.2.1. Estrutura da propiedade

A totalidade dos terreos do ámbito da presente Modificación, son actualmente propiedade do promotor da actuación, Xestión do Solo de Galicia-Xestur SA; excepto a traza da estrada CP-0512 propiedade da Deputación da Coruña, e unha pequena zona de dominio público hidráulico.

2.2.2. Análise catastral

Neste apartado inclúese a relación de propietarios catastrais dos terreos afectados pola Modificación do Proxecto Sectorial.



Fonte: Sede Electrónica del Catastro

Tal e como se observa, a estrutura catastral dos terreos coincide coa estrutura da propiedade, non existindo actualmente ningunha parcela afectada parcialmente polo ámbito do proxecto sectorial.

2.2.3. Medio e paisaxe

A continuación inclúese unha imaxe aérea desta zona, a fin de observar os núcleos de poboacións, usos e principais infraestruturas existentes nas proximidades do ámbito.



Fonte: Google Earth

Tal e como obsérvase na imaxe adxunta, o sector atópase lindante co enlace de conexión da autovía A-6 e a autopista AG-55.

3. AFECCIÓNS

A este respecto mencionar que o Proxecto Sectorial obtivo a totalidade dos informes sectorial necesarios, e que a presente Modificación non inclúe alteracións sobre as afeccións existentes.

3.1.1. Canles fluviais

Unha pequena superficie do extremo norte do ámbito encóntrase afectado pola zona de policía de augas asociada ao rego do Seixedo. Este rego ten asociada unha zona inundable delimitada por Augas de Galicia, porén o ámbito non atópase afectado.



Fonte: Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Nodo IDE.

En todo caso deberá respectarse a lexislación sectorial en materia de augas:

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas
- Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo
- Plan Hidrolóxico Galicia Costa, aprobado no Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia


3.1.2. Patrimonio cultural

Exterior ao ámbito polo límite leste atópase a Mámoa de Loureda (GA15005028), cuxo contorno de protección inclúe terreos do ACTECA.

Aclarar neste punto, que existe un documento de contestación ao informe da dirección xeral de patrimonio sobre o proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo, que se realiza como resposta a un informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio, con data de 19 de outubro do ano 2.004. Dito documento inclúe un estudo específico do impacto do proxecto sobre o Patrimonio Cultural, que incluía prospeccións arqueolóxicas intensivas levadas a cabo por técnicos competentes. Dito estudio, asinado pola arqueóloga María Elena Rodríguez Añón, con data de 4 de decembro do ano 2.004, conclúe que non se documentaron elementos constitutivos do Patrimonio Histórico, polo cal se considera a avaliación coma positiva e non se recomenda a adopción de medida correctora algunha.

O citado documento, axúntase como anexo á presente memoria.

Polo tanto, nas obras de urbanización xa executadas non se tomaron ningunhas medidas de cautela nin de protección, polo que se seguen considerando viventes as conclusións detalladas no estudio citado anteriormente.




3.1.3. Infraestruturas de transporte de enerxía

O ámbito está atravesado por dúas liñas de alta tensión, e o trazado dun novo gasoduto. A este respecto, a liña de alta tensión que atravesa o ámbito polo oeste, en dirección norte – sur, está recuada e soterrada, e dará subministro ao sector a partir da nova subestación prevista no mesmo.


A outra liña de alta tensión que descorre o sector polo límite leste, manterase no seu estado actual, xa que o seu trazado intégrase nas zonas verdes proxectadas.

Respecto do trazado do novo gasoduto, definido no proxecto sectorial correspondente, o seu trazado recúase e discorre polas zonas verdes previstas no límite leste do ámbito, ata conectar co gasoduto que discorre pola zona norte, no exterior do parque.



3.1.4. Estradas

Como se comentou en apartados precedentes, o ámbito atópase nun nó de comunicacións moi desenvolvido, polo que está afectado por as zonas de protección de varias estradas.



Polo leste a AG-55, polo nordeste o nó entre esta e a A-6, e a estrada DP-0512 que atravesa o sector de titularidade provincial.

3.1.5. Ruído

O ámbito do Proxecto Sectorial sitúase próximo a dúas infraestruturas de comunicación de relevancia: a autoestrada AG-55 e a estrada AC-551 , ambas de titularidade autonómica.

Dado que ao ámbito inclúese dentro dunha área urbanizada prevista, resulta de aplicación o artigo 14 do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, do ruído, que establece o seguinte.

Artigo 14. Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas acústicas.

1. Nas áreas urbanizadas existentes establececese como obxectivo de calidade acústica para ruído o que resulte da aplicación dos seguintes criterios:

a) Se na área acústica se supera o correspondente valor dalgún dos índices de incisión de ruído establecidos na táboa A do anexo II, o seu obxectivo de calidade acústica será alcanzar o devandito valor.

Nestas áreas acústicas as administracións competentes deberán adoptar as medidas necesarias para a mellora acústica progresiva do ambiente ata alcanzar o obxectivo de calidade fixado, mediante a aplicación de plans zonais específicos a que se refire o artigo 25.3 da Lei 37/2003, do 17 de novembro.

b) En caso contrario, o obxectivo de calidade acústica será o de non superar o valor da táboa A do anexo II que lle sexa de aplicación.

2. Para o resto das áreas urbanizadas establececese como obxectivo de calidade acústica para ruído o de non superar o valor que lle sexa de aplicación a táboa A do anexo II, diminuído en 5 decibelios.

3. Os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables aos espazos naturais delimitados, de conformidade co establecido no artigo 7.1 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, como área acústica tipo g), por requiriren unha especial protección contra a contaminación acústica, estableceranse para cada caso en particular, atendendo a aquelas necesidades específicas daqueles que xustifiquen a súa cualificación.

4. Como obxectivo de calidade acústica aplicable as zonas tranquilas nas aglomeracións e en campo aberto, establececese o de manter nas devanditas zonas os niveis sonoros por debaixo dos valores dos índices de incisión de ruído establecidos na táboa A do anexo II diminuído en 5 decibelios, tratando de preservar a mellor calidade acústica que sexa compatible co desenvolvemento sustentable.

O uso previsto no ámbito incluíríase no tipo de área acústica “tipo b. Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial”. A continuación inclúese a táboa A do Anexo II do Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, do ruído.

ANEXO II

Obxectivos de calidade acústica


Táboa A. Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes.

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		L_{eq}	L_{90}	L_{10}
a	Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica	60	60	60
a	Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial	65	65	55
d	Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do considerado en c).	70	70	65
c	Sectores do territorio con predominio de solo de uso recreativo e de espectáculos.	73	73	63
b	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial	75	75	65
f	Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen. (1)	Sen determinar	Sen determinar	Sen determinar


Así mesmo, ambas as vías de alta capacidade, dadas a súa IMD, foron incluídas na elaboración dos Mapas Estratéxicos de Ruído. A continuación inclúese a información incluída nestes Mapas.

Por último establecer que a día de hoxe non hai declaradas servidumes acústicas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

MAPAS ESTRATÉXICOS DE RUÍDO DA AUTOPISTA AG-55




Fonte: Estrada AG-55 de 2,83 al 8,71. Mapa de Niveis Sonoros Lden.




Fonte: Estrada AG-55 de 2,83 al 8,71. Mapa de Exposición Lden.

Tal e como se observa nas imaxes anteriores, os terreos do extremo occidental do Proxecto Sectorial inclúense dentro da zona de exposición ao ruído asociado á estrada AG-55, xa que están afectados pola isófona Lden de 55-60 dB(A).

MAPAS ESTRATÉGICOS DE RUIDO DE LA CARRETERA AC-551



Fonte: Estrada AC-515. Saída (AG-55)-Sabón (AC-552). Mapa de Niveis Sonoros Lden.




Fonte: Estrada AC-515. Saída (AG-55)-Sabón (AC-552). Mapa de Exposición Lden.

Tal e como se observa nas imaxes anteriores, os terreos do extremo noroccidental do Proxecto Sectorial inclúense dentro da zona de exposición ao ruído asociado á estrada AC-551, xa que están afectados polas isófonas Lden de 55-75 dB(A).

4. CONDICIONANTES URBANÍSTICOS

O planeamento en vigor no ámbito está constituído polo Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal do Parque de Actividades Económicas de Arteixo, que foi aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 22 de xullo do 2005 (DOG do 30 de setembro do 2005).



Fonte. Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Actividades de Arteixo. Plano ordenanza Gráfica.

Actualmente o planeamento xeral do Concello son as Normas Subsidiarias de Planeamento municipal aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña o 4 de maio de 1995, xunto con varias modificacións das mesmas; pero non encóntranse adaptadas ao Proxecto Sectorial. A esta determinación ténselle previsto dar cumprimento na aprobación do futuro plan xeral de Arteixo.


En Arteixo, outubro de 2019

Os arquitectos:

Fdo: Álvaro Fernández Carballada

Fdo: Beatriz Aneiros Filgueira

**ANEXO 1. CONTESTACIÓN AO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE
PATRIMONIO SOBRE O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE DE
ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO**



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARQUE DE ACTIVIDADES ECONOMICAS DE ARTEIXO

DICIEMBRE 2004

**CONTESTACION AL INFORME DE LA DIRECCION
XERAL DE PATRIMONIO SOBRE EL
PROYECTO SECTORIAL DEL PARQUE
DE ACTIVIDADES ECONOMICAS DE ARTEIXO**

Ref. 03020


Consulting e Ingeniería Internacional, S.A.

*Enviado al
10/ Diciembre /04
[Signature]*

ÍNDICE

**1.- INFORME DE LA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL
SOBRE EL PROYECTO SECTORIAL DEL PARQUE DE ACTIVIDADES
ECONÓMICAS DE ARTEIXO.**

**2.- CONTESTACIÓN AL INFORME DE LA DIRECCIÓN XERAL DE
PATRIMONIO CULTURAL SOBRE EL PROYECTO SECTORIAL DEL
PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO**

**1.- INFORME DE LA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO
CULTURAL SOBRE EL PROYECTO SECTORIAL DEL
PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO.**

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,

COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Edificio Adm. San Cebalano - Bloque 3

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teléfono 981 54 54 00

**XACOBEO 2004**
Galicia**OBXECTO:** Avaliación do impacto sobre o Patrimonio Cultural.**Título do proxecto:** PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO (A CORUÑA).**Titular do proxecto:** INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO.**Proxecto remitido por:** Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

En relación con escrito da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, no que se solicita informe sobre o expediente *Proxecto Sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo (A Coruña)*, á vista dos informes dos Servizos Técnicos desta Dirección Xeral, e tendo en conta ó establecido na *Lei 8/95, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia*, na *Lei 1/95, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia*, no *Real Decreto 1131/88, de 30 de setembro, referente á execución do Real Decreto Legislativo de Evaluación de Impacto Ambiental, Real Decreto-Ley 9/2000, de 6 de outubro, de Modificación del Real Decreto Legislativo 1302/1986, de 28 de junio, de Evaluación de Impacto Ambiental* e no *Decreto 442/90, do 13 de setembro de Avaliación de Impacto Ambiental*, esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, no ámbito das súas competencias, emite o seguinte

INFORME:**Patrimonio Arqueolóxico**

- É necesario destacar a inexistencia de informes baseados en traballos de campo relativos ó impacto do proxecto sobre o Patrimonio Cultural, segundo se establece no artigo 6 do *Real Decreto 1131/88, de 30 de setembro, referente á execución do Real Decreto Legislativo de Evaluación de Impacto Ambiental*, e no artigo 32 da *Lei 8/95, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia*.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Edificio Adm. San Caetano - Bloque 3
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00



XACOBEO 2004
Galicia



- Tendo en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, ou ben cuberto por procesos sedimentarios, non se debe descartar a posible existencia de xacementos arqueolóxicos non detectados ata agora, e que poderían verse afectados polo proxecto.

Por todo elo, é conveniente a realización dun estudo específico do impacto do proxecto sobre o Patrimonio Cultural (facendo especial fincapé no Patrimonio Arqueolóxico), onde sexan establecidas as posibles afeccións neste Patrimonio. Dito estudo sería necesario, de acordo co Artigo 32. Impacto ou efectos ambientais, da *Lei 8/95, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia*. O estudo incluírá unha prospección arqueolóxica, levada a cabo por técnicos competentes, de acordo cun proxecto presentado e autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia (de acordo ca *Lei 8/95, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia*, e o *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, Polo que se Regula a Actividade Arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia*, D.O.G. nº 199 de 10 de xullo de 1997). O proxecto de prospección arqueolóxica terá que incluír:

A prospección arqueolóxica intensiva da zona que abrangue o proxecto presentado. Polo tanto, débese ter en conta que:

- O proxecto deberá incorporar a prospección arqueolóxica de campo, de toda a superficie do proxecto, para a catalogación e delimitación dos restos arqueolóxicos localizados.
- O proxecto de obra incorporará, de ser necesario, un programa de actuacións arqueolóxicas compatible co plan de obra, de cara a protección e conservación dos xacementos arqueolóxicos, en coordinación coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA,
 COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
 Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Edificio Adm. San Caetano - Bloque 3
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Teléfono 981 54 34 00



XACOBEO 2004
 Galicia



Patrimonio Arquitectónico

Dende o punto de vista do Patrimonio Arquitectónico e Etnográfico, é necesaria a prospección exhaustiva da zona para identificación e localización dos bens recollidos nos catálogos existentes, así como daqueles outros de carácter etnográfico, que aínda que non estean recollidos en inventarios, sexan susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio.

No caso de localización de bens afectados polas obras do proxecto, deberanse avaliar as incidencias sobre eles, e establecer as medidas correctoras oportunas, en cada caso concreto, para corrixir ou minimizar os efectos do impacto.

Os resultados da prospección, xunto cos planos das obras (accesos, explanacións, acondicionamentos...) que poidan afectar a xacementos arqueolóxicos, deberán remitirse a esta Dirección Xeral, a fin de establecer as medidas correctoras que se consideren necesarias para a protección dese patrimonio, e incluírse no Estudo de Impacto Ambiental pertinente.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2004

O DIRECTOR XERAL DE PATRIMONIO
 CULTURAL


 Ángel Sicart Giménez



ILMO SR. DIRECTOR XERAL DE URBANISMO

**2.- CONTESTACIÓN AL INFORME DE LA DIRECCIÓN XERAL DE
PATRIMONIO CULTURAL SOBRE EL PROYECTO SECTORIAL
DEL PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO**

CONTESTACIÓN AL INFORME DE LA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL SOBRE EL PROYECTO SECTORIAL DEL PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO

En el informe mencionado, se hace constar que:

1. En el Estudio de Impacto Ambiental del ACTECA, no existen informes basados en trabajos de campo relativos al impacto del proyecto sobre el Patrimonio Cultural.
2. Teniendo en cuenta la naturaleza del registro arqueológico gallego, muchas veces enmascarado por la vegetación, o bien cubierto por procesos sedimentarios, no se debe descartar la posible existencia de yacimientos arqueológicos no detectados hasta ahora

Por ello, se establece la conveniencia de la realización de un estudio específico del impacto del proyecto sobre el Patrimonio Cultural, que incluya una prospección arqueológica intensiva llevada a cabo por técnicos competentes.

Desde el punto de vista del Patrimonio Arquitectónico y Etnográfico, también se indica la necesidad de realizar una prospección exhaustiva de la zona para identificación y localización de los bienes recogidos en los catálogos existentes, así como de aquéllos de carácter etnográfico, que aunque no están recogidos en inventarios, sean susceptibles de protección por configurar el paisaje gallego y caracterizar culturalmente el territorio.

A este respecto, cabe señalar lo siguiente:

En el apartado 4.5 del Estudio de Impacto Ambiental del Parque de Actividades Económicas de Arteixo, se adjunta el inventario de los bienes culturales (arqueología, etnografía y arquitectura), correspondientes a la prospección realizada en el año 2.001, por la arqueóloga D^a Beatriz Comendador Rey, para el Plan General de Ordenación del Municipio de Arteixo, actualmente en redacción.

Esta intervención estuvo enfocada a la realización de dos actividades primordiales:

- Localización de las referencias arqueológicas ya existentes en un listado previo (lo que lleva implícita una prospección de campo), y
- Delimitación planimétrica de las áreas de protección de los yacimientos arqueológicos registrados en la prospección.

A estas tareas hay que añadir una tercera fase con todo el trabajo de gabinete realizado hasta ahora, consistente en el tratamiento y elaboración de toda la información registrada en las dos primeras etapas.

Como puede observarse en las fichas presentadas en el Estudio de Impacto Ambiental y en el plano N^o 16 "Patrimonio", la infraestructura objeto de estudio, no afecta a ninguno de los bienes culturales así identificados.

Por ello, en la página 55 del documento, en el capítulo 5 "Identificación de impactos", se indica que no se han detectado bienes arqueológicos, etnográficos ni arquitectónicos en el territorio en el que se implanta la infraestructura, por lo que no se prevén impactos.

Ahora bien, atendiendo a la demanda de la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, por la que se establece la necesidad de realización de un estudio específico del impacto del Proyecto Sectorial sobre el Patrimonio Cultural, en la medida en que no se debe descartar la posible existencia de yacimientos arqueológicos enmascarados por la vegetación, o cubiertos por procesos sedimentarios; se toman las medidas relacionadas a continuación.

1. Se presenta a la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural un proyecto para la realización de una prospección para la evaluación de efectos sobre el Patrimonio Cultural del Proyecto Sectorial del Parque de Actividades Económicas de Arteixo en el Concello de Arteixo (A Coruña).
2. El 30 de noviembre de 2.004, la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural adopta la resolución por la que se autoriza la realización de una prospección para la evaluación de efectos sobre el Patrimonio Cultural del Proyecto Sectorial del Parque de Actividades Económicas de Arteixo (A Coruña). (Ver apéndice N° 1). Dicha prospección será dirigida por la arqueóloga D^a María Elena Rodríguez Añón.
3. A resultas de tal resolución, se presenta en el apéndice N° 2, el documento de *"Avaliación de Efectos sobre O Patrimonio Cultural do Proxecto Sectorial do Parque de Actividades Económicas de Arteixo"*, cuyos objetivos básicos consisten en la ejecución de una prospección arqueológica superficial intensiva y del inventario exhaustivo del Patrimonio Cultural de la zona afectada, para valorar la incidencia que las obras puedan ocasionar a los elementos patrimoniales, y proponer las medidas correctoras oportunas, dando así cumplimiento a las indicaciones del informe de la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Transcribimos a continuación la conclusión que figura en el referido apéndice n° 2:

“Según lo establecido en el proyecto de evaluación patrimonial, y empleando la metodología señalada no se documentaron elementos constitutivos del Patrimonio Histórico (Arqueológicos, Histórico-Artísticos y Etnográficos), por lo cual se considera la evaluación como positiva y no se recomienda la adopción de medida correctora alguna”.

A Coruña, Diciembre de 2004

El Ingeniero Autor del Proyecto Sectorial y del Presente Informe

Fdo.: Patricio Aguilar Cavanillas

**APÉNDICE Nº 1.- AUTORIZACIÓN DE LA REALIZACIÓN DE UNA
PROSPECCIÓN PARA LA EVALUACIÓN DE EFECTOS
SOBRE EL PATRIMONIO CULTURAL DEL PROYECTO
SECTORIAL DEL PARQUE DE ACTIVIDADES
ECONÓMICAS DE ARTEIXO (A CORUÑA).**

TOTAL P.01



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA,
 COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
 Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Edificio Adm. San Casiano - Bloque 3
 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Teléfono 981 54 54 00



XACOBEO 2004
 Galicia



Visto o proxecto presentado por CIISA, e asinado pola arqueóloga D^a. *María Elena Rodríguez Añón* para a realización dunha prospección para a avaliación de efectos sobre o Patrimonio Cultural do proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo no concello de Arteixo (A Coruña), e á vista do informe do Servizo de Arqueoloxía, o director xeral de Patrimonio Cultural adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN

Autorízase a realización dunha prospección para a avaliación de efectos sobre o Patrimonio Cultural do proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo (A Coruña).

Dirixida por: D^a. *María Elena Rodríguez Añón*.

Tempo de realización: 2 días.

Clasificación da actividade: Preventiva.

Os materiais arqueolóxicos e demais documentación complementaria depositaranse, no prazo de seis meses, no Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña.

Deberanse comunica-las datas de inicio e remate da actuación. Rematada a actuación, e nun prazo máximo de dez días, presentarase un informe valorativo da mesma, e no prazo de seis meses a memoria técnica e copia da acta de depósito estendida polo responsable legal do Museo.

Unha vez realizada a actividade, e cumpridas as obrigas da responsabilidade da dirección de acordo co establecido no Decreto 199/97, esta Dirección Xeral, a solicitude do interesado, poderá emitir unha certificación da mesma.

Esta autorización concédese sen prexuízo doutras autorizacións ou licencias que sexan necesarias, se é o caso, por aplicación doutras leis sectoriais.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada, no prazo de un mes, de conformidade co establecido na Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2004

O DIRECTOR XERAL DE
 PATRIMONIO CULTURAL

Asdo. Ángel Sicart Giménez



**APÉNDICE Nº 2.- AVALIACIÓN DE EFECTOS SOBRE O
PATRIMONIO CULTURAL DO PROXECTO SECTORIAL
DO PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO**

MEMORIA TÉCNICA

AVALIACIÓN DE EFECTOS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO



Localización:			
ARTEIXO (A CORUÑA)			
Promove:			
CONSULTING E INGENIERÍA INTERNACIONAL, S.A.			
Sinatura:	Arqueólogo/a:	Clave:	Código Procedemento:
	Mª ELENA RODRÍGUEZ ARÓN	Nº 04 / 17	CJ 102A 04/
Enderezo:			Data:
PALLADIUM ESTUDIO DE ARQUEOLOXÍA, S.L. RUA DA PRAVIA, 13, 2º. 27800 VILALBA (LUGO) TEL: 669-455002; 982-523049. e-mail: e-ramik@teleline.es			04/12/04



ÍNDICE

I. FICHA TÉCNICA.....	2
II. ACHEGA MEMORIA.....	3
III. INTRODUCCIÓN.....	4
IV. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA.....	8
V. MEDIOS MATERIAIS.....	11
VI. EQUIPO TÉCNICO.....	12
VII. TEMPO DE EXECUCIÓN.....	13
VIII. ELEMENTOS PATRIMONIAIS.....	13
IX. EFECTO PATRIMONIAL.....	14
X. MEDIDAS CORRECTORAS.....	14
XI. MATERIAIS RECUPERADOS.....	14
XII. CONCLUSIÓN.....	15
XIII. PLANIMETRÍA.....	16



I. FICHA TÉCNICA.

Denominación do Proxecto:	Avaliación de Efectos sobre o Patrimonio Cultural do Proxecto Sectorial do Parque de Actividades Económicas de Artelxo.	
Promove:	Consulting e Ingeniería Internacional, S.A.	
Localización:	Artelxo (A Coruña).	
Tipo de Actuación:	Avaliación efectos patrimoniais	
Arqueóloga Directora:	Rodríguez Añón, E.	
Equipo Técnico:	Ramil Rego, E- Castro Paredes, I.	Celeiro Montenegro, M.L. Insua Liñares, M.J.
Tempo de Execución:	dúas xornadas, do 03/12/04 ó 04/12/04	
Cód. Procedemento:	CJ 102A 04/.	
Clave Proxecto:	Nr 04 / 17.	
Depósito Materiais:	Non se atoparon materiais.	



II. ACHEGA MEMORIA.

Asunto: Acheга memoria.

CJ 102A 04/

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO
CULTURAL
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
EDIF. ADMTVO. SAN CAETANO, BLOQUE, 3
15771 SANTIAGO

En Vilalba, a 04/12/04.

Mª Elena Rodríguez Añón, con D.N.I. nº 32.770.362, e domicilio, a efectos de tramitación, no número trece da rúa da Pravia de Vilalba (Lugo), en relación ó proxecto autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, baixo o título *Avaliación de Efectos sobre o Patrimonio Cultural do Proxecto Sectorial do Parque de Actividades Económicas de Arteixo*, coa presente faise entrega da correspondente Memoria Técnica.

Sen outro particular, despídese atentamente,

A Arqueóloga Directora,

Asdo.: Mª Elena Rodríguez Añón.

PALLADIUM ESTUDIO DE ARQUEOLoxÍA, S.L. | Patrimonio Empresarial | Sede Social en Vilalba (Lugo), Rúa da Pravia, 13, 2º, 21.7, D-27204715 | Inscrita no Registro Mercantil de Lugo, Tomo 285, Libro 0, Folio 188, Documento 6, Fala 114882.



III. INTRODUCCIÓN.

Con motivo da tramitación administrativa para a Redacción do Proxecto Sectorial do Parque de Actividades Económicas de Artelxo (A Coruña) promovido por Consulting e Ingeniería Internacional, S.A., procedeuse á redacción do presente proxecto avallación sobre o Patrimonio Histórico, Artístico e Etnográfico, actividade que foi acometida por persoal de Palladium Estudio de Arqueología, S.L.

O proxecto tivo como obxectivos básicos a execución dunha prospección arqueolóxica superficial intensiva e do inventario exhaustivo do Patrimonio Cultural da zona afectada, para valora-la incidencia cas obras podan ocasionar ós elementos patrimoniais, e propoñe-las medidas correctoras oportunas.




*Área central do Parque. Vista desde o SEW
Apréciase unha grande explotación extractiva..*



Límite Leste, coincidente coa A-55.


A superficie do Parque de Actividades Económicas de Arteixo está rodeado polo Leste polas autovías A-6 e A-55, trátase dun monte con elevada pedregosidade e abondosos afloramento graníticos. A zona presenta varias explotacións extractivas e está cruzada por unha liña eléctrica de alta tensión e por un gaseoducto; resultando unha área fortemente alterada.



Liña de alta tensión que cruza a área.




En virtude do establecido no Decreto 327/91, do 4 de outubro, de Avaliación de Efectos Ambientais para Galicia (DOG 15/10/1991), procedeuse á tramitación correspondente, perante a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, para a realización dunha prospección arqueolóxica superficial intensiva dirixida pola Arqueóloga Dona M^a Elena Rodríguez Añón.




Afección causada por un gaseoducto.



Vista da área occidental.



Área meridional do Parque.



Área central do Parque.



IV. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA.

O obxectivo principal deste proxecto foi a comprobación fidedigna da existencia de calquera tipo de xacemento/depósito arqueolóxico ou elemento patrimonial na área de estudo. E como resultado dela, proceder, en virtude do establecido nos decretos 442/1990, de Avaliación de Impacto Ambiental para Galicia (DOG, 188; 25/09/90) e 327/1991, de Avaliación de Efectos Ambientais para Galicia (DOG, 199, 15/10/1991) e da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia (DOG, 20, 10/02/95; 72, 12/04/95) á avaliación dos efectos que sobre o patrimonio cultural podan ocasionar os traballos relacionados coas obras, e establece-las correspondentes medidas protectoras e/ou correctoras que teñan cabida á tenor da lexislación vixente.

No aspecto metodolóxico é preceptivo o emprego dos métodos sinalados pola Arqueoloxía como disciplina de investigación histórica. Abranguendo unha primeira fase de documentación en gabinete e outra serodia de documentación de campo, é dicir, a propia prospección superficial.

A primeira fase foi conducente a documentar tódolos xacementos/depósitos arqueolóxicos na área de estudo, xunto coas evidencias que da existencia dos mesmos reconeza a Arqueoloxía ou as súas ciencias auxiliares.

Como punto de partida para a localización dos elementos constitutivos do patrimonio arqueolóxico servímonos do estudo bibliográfico. De seguido consultáronse os distintos inventarios, catálogos e listados de Patrimonio Histórico existentes, atendendo especialmente ó "Inventario Arqueolóxico de Galicia", e as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Urbanístico da Provincia de Pontevedra. Como remate do estudo de gabinete considerouse á valoración da toponimia menor, o análise cartográfico, e o estudo da fotografía aérea.

Posteriormente deu comezo o traballo de campo, a prospección propia-mente dita que consistirá nun estudo superficial visual intensivo da área, sinalan-



do tódalas evidencias que podan indica-la existencia dalgún xacemento ou depósito arqueolóxico, indicando, se fora preciso, a súa extensión e/ou a dispersión dos achados.

Tódolos elementos e xacementos localizados serían recollidos e identificados en dúas fichas. Unha que conxugue a información arqueolóxica e de localización e outra que reflicta os efectos arqueolóxicos e as medidas correctoras propostas.

A prospección arqueolóxica, no seu desenvolvemento, atendeu ó establecido no Decreto 199/97 do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. Nela considéranse unha serie de zonas atendendo a avaliación ambiental: **Área de afección directa** aquela coincidente coa superficie das obras; **Banda de afección** a delimitada por unha liña perimetral que dista 50 m do extremo dos límites das obras; e **Banda de incidencia**, comprendida entre a banda de afección e os 200 m a partir da área de afección directa.

A avaliación do efecto, dentro da Declaración e Efectos Ambientais, terá a consideración de **crítico (inferencia crítica)** cando existan xacementos/depósitos arqueolóxicos na área de afección directa, **tolerable (inferencia tolerable)** se existen na banda de afección, e **compatible (inferencia compatible)** no caso de atopar algún na banda de incidencia. De existir algún deles na banda de incidencia atenderase ó estipulado nas Normas Subsidiarias e Complementarias do Planeamento Urbanístico das Provincias Galegas (D.O.G., 18, 25/01/90) e o P.X.O.M.

ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS			
ÁREA	BANDA	IMPACTO	INFERENCIA
Xacemento Arqueolóxico	De afección directa	Crítico	Crítica
Límite do xacemento ata 50 m	De afección	Severo	Severa
Dende os 51 ós 100 m		Tolerable	Tolerable
Dende os 101 ós 200 m	De incidencia	Compatible	Compatible
A partir dos 200 m	De desafección	Sen impacto	Sen inferencia



Como a lexislación está pensada para valorar impactos e efectos de carácter ambiental consideramos que ás cualificacións anteriores debemos engadir outra categoría, esta sería a de *sen impacto (sen inferencia)*, que aplicaríamos cando o ben arqueolóxico non se vexa afectado de xeito ningún. A consideración xeral dos efectos poderá variar segundo as alteracións dos terreos das bandas de protección.

Tódolos xacementos/depósitos arqueolóxicos, serían obxecto dun estudio superficial polo miúdo. Elaborando ou actualizando os datos, mediante modelo normativizado, do Inventario Arqueolóxico de Galicia, tal e como dispón o Atr. 10.3 do Decreto 199/97 do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para os elementos histórico-artísticos e etnográficos as bandas de protección se establecen segundo outros parámetros métricos. Nos elementos histórico-artísticos estableceuse unha protección máxima de 100 metros que se xerarquiza do seguinte xeito:

ELEMENTOS HISTÓRICO-ARTÍSTICOS			
ÁREA	BANDA	IMPACTO	INFERENCIA
Elemento Histórico-Artístico	De afección directa	Crítico	Crítica
Límite do xacemento ata 50 m	De afección	Tolerable	Tolerable
Dende os 51 ós 100 m	De incidencia	Compatible	Compatible
A partires dos 100 m	De desafección	Sen impacto	Sen inferencia

ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS			
ÁREA	BANDA	IMPACTO	INFERENCIA
Elemento Etnográfico	De afección directa	Crítico	Crítica
Límite do xacemento ata 25 m	De afección	Tolerable	Tolerable
Dende os 26 ós 50 m	De incidencia	Compatible	Compatible
A partires dos 50 m	De desafección	Sen impacto	Sen inferencia



Mentres os elementos etnográficos, en xeral, gozan de menores bandas de protección.

V. MEDIOS MATERIAIS.

Os medios materiais para o desenvolvemento desta intervención foron os comunemente empregados en traballos semellantes. Na análise cartográfica usáronse diferentes mapas de distintas escalas e condición (topográfico, xeolóxico, parcelario, etc.). Coa fotografía aérea empregouse un estereoscopio de espellos para ser quen de apreciar dun mellor xeito as estruturas físicas e humanas da paisaxe que podan ser consideradas como constitutivas de evidencia arqueolóxica.

No traballo de campo contouse con diferentes aparellos de medición e equipos fotográficos, así como cun localizador de tecnoloxía G.P.S.

Como apoio planimétrico contouse cun teodólito e cun nivel láser, miras telescópicas e cintas métricas. Na documentación fotográfica valémonos de equipos dixitais, flashes, trípodes e fachas de luz haloxena.

A documentación gráfica atendeu a varias escalas: base (1:25.000) e de zona (1:10.000). Sen prexuízo de que en localizacións concretas, e de cara a unha maior representatividade gráfica, puidéranse empregar outras escalas.



VI. EQUIPO TÉCNICO.

O equipo técnico previsto estará composto polas seguintes persoas, todas elas con abundosa experiencia en traballos de intervención e investigación arqueolóxica:

ARQUEÓLOGA DIRECTORA:

- Rodríguez Añón, E., Lda. en Xeografía e Historia (Sección Historia, Especialidade en Prehistoria e Arqueoloxía) pola Universidade de Santiago de Compostela.

ARQUEÓLOGOS:

- Ramil Rego, E. Ldo., en Xeografía e Historia (Sección Historia, Especialidade en Prehistoria e Arqueoloxía) pola Universidade de Santiago de Compostela.
- Castro Paredes, I., Lda. en Xeografía e Historia (Sección Historia, Especialidade en Prehistoria e Arqueoloxía) pola Universidade de Santiago de Compostela.
- Celeiro Montenegro, M.L, Ldo en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela.
- Insua Liñares, M.J., Lda. en Xeografía e Historia (Sección Historia, Especialidade en Prehistoria e Arqueoloxía) pola Universidade de Santiago de Compostela.



VII. TEMPO DE EXECUCIÓN.

A duración estimada para o desenvolvemento deste proxecto foi de dúas xornadas, desenrolándose durante os días 03/12/04 e 04/12/04. Unha vez concluída a intervención remítese nun prazo non superior a dez días esta *Memoria Técnica*, polo que se solicita a dispensa de entregar un *Informe Valorativo*.

VIII. ELEMENTOS PATRIMONIAIS.

Como resultado das pescudas bibliográficas e as realizadas nos distintos catálogos e inventarios alusivos ó patrimonio histórico, artístico e documental, e da propia inspección ocular non se atoparon nin xacementos arqueolóxicos, nin elementos histórico-artísticos nin etnomográficos na área da prospección.



IX. EFECTO PATRIMONIAL.

Considerando as bandas de afección sinaladas no apartado de metodoloxía, no transcurso do proxecto non se documentou ningún elemento patrimonial.

X. MEDIDAS CORRECTORAS.

Tendo en conta que seguindo a metodoloxía previsto no proxecto non se documentaron elementos patrimoniais, non cabe a proposta de medida correctora algunha.

XI. MATERIAIS RECUPERADOS.

No transcurso da prospección arqueolóxica non se recuperaron materiais arqueolóxicos, nin outros susceptibles de seren estudados arqueolóxicamente.



XII. CONCLUSIÓN.

Segundo o establecido no proxecto de avaliación patrimonial, e empregando a metodoloxía sinalada non se documentaron elementos constitutivos do Patrimonio Histórico (arqueolóxicos, histórico-artísticos e etnográficos), polo cal considérase a avaliación como positiva e non se recomenda a adopción de medida correctora algunha.

En Vilalba, 04/12/04.


A Arqueóloga Directora,



Asdo.: M^º Elena Rodríguez Añón.



XIII. PLANIMETRÍA.



Título: **Situación**

Proyecto: **Avaliación do Patrimonio Cultural do Proxecto Sectorial do Parque de Actividades Económicas de Arteixo**

Promove: **Consulting e Ingeniería Internacional, S.A.**

Arqueóloga:

 M. Elena Rodríguez Añón


Situación: **Arteixo (A Coruña)**

Data: **04/12/2004**

Escala: **1 : 1.250.000**

Clave: **Nr 04 / 17**

Plano: **1**



Arquitecto/a:

M. Elena Rodríguez Añón
M. Elena Rodríguez Añón

Título:

Superficie do Parque (A) e Área da Prospección (B)

Proxecto:

Avaliación do Patrimonio Cultural do Proxecto Sectorial do Parque de Actividades Económicas de Arteixo

Promove:

Consulting e Ingeniería Internacional, S.A.

Situación:

Arteixo (A Coruña)

Data:

04/12/2004

Escala:

1 : 20.000

Clevo:

Nr 04 / 17

Fiano:

2



**ANEXO 2. RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL
ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE
DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO**



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO

Promotor: Xestión do Solo de Galicia – Xestur S.A.

Órgano substantivo: Instituto Galego de Vivenda e Solo

Expediente: 2019AAE2345

Código web: 2213/2019

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O Proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo (ACTECA) foi aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 22 de xullo do 2005 (DOG nº189 do 30.09.2005)
2. O día 11.06.2019 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recibiu un escrito do Instituto Galego de Vivenda e Solo no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación do Proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo*, para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta.
3. O día 19.06.2019 esta Dirección Xeral iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico por un prazo de dous meses, facendo públicos os documentos na súa sede electrónica. Ao mesmo tempo, consultouse a outras administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia establece que os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal serán obxecto de avaliación ambiental cando así o decida o órgano ambiental mediante “decisión” motivada, pública e axustada aos criterios establecidos polo anexo II da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.
2. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental establece o réxime xurídico que regula a avaliación ambiental estratéxica de plans e programas. Na sección 2ª do capítulo I (Título II) regúlase a tramitación do procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica, que substitúe ao antigo procedemento administrativo de “decisión” regulado na citada Lei 9/2006, de 28 de abril.
3. O artigo 30.1 da Lei 21/2013 establece que o órgano ambiental, con carácter previo á emisión do informe ambiental estratéxico, someterá o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico a consultas das administracións afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de 45 días hábiles desde a recepción da solicitude.
4. O artigo 31.2 da Lei 21/2013 establece que órgano ambiental emitirá o informe ambiental estratéxico, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios establecidos no seu anexo V. Neste informe poderá determinarse que a modificación ten efectos significativos no ambiente, e polo tanto debe someterse a avaliación ambiental estratéxica





ordinaria, ou ben que non presenta efectos significativos podendo aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

5. Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da modificación

Ámbito de actuación: terreos correspondentes co Proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo, e pertencentes ás parroquias de San Tirso de Oseiro, Santa María de Loureda e Santiago de Arteixo e situados aproximadamente a 1 km do núcleo urbano de Arteixo –ao leste– e o Polígono industrial de Sabón –ao noroeste-. Lindan polo leste coa AC-551 e a AG-55, polo norte e sur cos núcleos rurais de Laxobre, Agramonte e O Igraxario, e polo oeste con solo rústico.



Emprazamento respecto do Porto exterior e o Polígono de Sabón



Situación do ámbito

Obxecto: modificar aspectos da ordenación detallada prevista no proxecto sectorial, na procura de facilitar a comercialización das parcelas e o seu desenvolvemento.

Superficie: 1.528.310 m²

Proposta: a modificación incorpora os seguintes cambios:


- Establécese unha gran plataforma (M-01) para dar resposta á demanda de grandes parcelas, que ocupará as antigas parcelas F, G, J-01, J-03, J-05, J-07, J-09, J-11, J-13, o vial eixe-3 e parte do vial eixe-1. Ao mesmo tempo, reaxústase o espazo libre previsto no extremo oeste e o contemplado ao norte adxacente ao viario eixo-5.

A edificabilidade da nova mazá é a resultante da suma das eliminadas na zona, reducíndose a da parcela T-01 –anterior Centro de Servizos–.





Ordenación prevista no proxecto sectorial



Nova gran plataforma M-01

- Créanse novas parcelas industriais (K-2 e K-3) máis adaptadas á demanda actual, mantendo as edificabilidades das plataformas orixinais. Ademais, créase unha parcela central para aparcamento e novos viais interiores para o acceso ao conxunto.



Ordenación establecida no proxecto sectorial



Novas parcelas K-2 e K-3

- Modifícase a parcela do centro de servizos e o heliporto, converténdose nunha nova zona de uso terciario-comercial, desaparecendo a previsión do heliporto. A superficie edificable que se reduce nesta zona trasládase á plataforma M-01.
- Redúcese a sección tipo dos viais eixe-8 e eixe-10 ata unha sección de 14 metros, incorporando o ancho a superficie restante ao espazo libre adxacente EL-06.
- A distribución de fases de desenvolvemento pasa de tres a catro, mantendo as aprobadas no documento *Delimitación de Fases de Urbanización do Proxecto Sectorial do Parque de Actividades Económicas de Arteixo* aprobado recentemente.
- Redefínese a rede de servizos urbanísticos e rede de pluviais –recollendo as propostas incluídas nos últimos proxectos de urbanización aprobados–, e se axustan as redes interiores adaptándoas á nova ordenación.
- Modifícanse as conexións exteriores das redes de servizos en consonancia coas condicións das existentes, prevéndose unha nova para o abastecemento desde o depósito de Vío.





Inclúese o reforzo da rede de recollida de fecais, a ampliación do interceptor e da impulsión da EDAR de Sabón, e a ampliación do interceptor de Suevos. Por outra banda, tamén se elimina o estanque de regulación previsto no exterior do parque, executando no seu lugar dous dentro do ámbito, un no oeste e outro no leste. Finalmente, recóllese a nova subestación eléctrica do interior do parque na parcela RI-01.

- Incorpórase o trazado do viario de conexión do ámbito coa autovía A-6 aprobado pola Axencia Galega de Infraestruturas.
- Axústase o aparcadoiro adxacente ao Centro de Servizos (P-01), aumentando a súa superficie para separar as prazas de aparcadoiro do viario eixo-5. Este cambio permite dispoñer dunha franxa de 3 metros para executar un carril bici.
- Recóllese o novo trazado da ligazón exterior na parcela RI-03, e axústanse os espazos libres perimetrais do ámbito.
- Incorpóranse actuacións de integración paisaxística nos noiros, e medidas que melloran a mobilidade e o aforro enerxético da ordenación.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O termo municipal de Arteixo (93,7 km²) sitúase na comarca da Coruña e no extremo centro-norte da provincia do mesmo nome. Na actualidade conta cunha poboación de 31.917 habitantes (IGE, 2018) e está afectado por unha dinámica progresiva continuada durante os últimos 20 anos.

No ámbito alternanse os terreos chans e pendentes suaves -menores ao 10%- coa presenza de noiros nos lindes das parcelas e nos encontros con viarios. Enmárcase na grande área paisaxística de “Chairas e Fosas Occidentais” e na comarca paisaxística de “Arco Bergantiñán” segundo o *Catálogo de Paisaxes de Galicia*.

A delimitación do parque empresarial solápanse moi lixeiramente coa zona de policía do rego de Seixedo, que discorre na contorna nordeste pero fóra do ámbito.

Respecto do patrimonio natural, nin no ámbito nin na contorna inmediata se insiren espazos naturais da *Rede Galega de Espazos Protexidos* ou da *Rede Natura 2000*, sendo o espazo protexido máis próximo o da Zona especial de conservación (ZEC) “Costa da Morte”, a máis de 2 km ao noroeste.

Por outra banda, se ben nos terreos obxecto da modificación non se localizan bens de valor patrimonial, si se atopan afectados polo contorno de protección do elemento arqueolóxico “Mámoa de Loureda” (GA15005028), no linde suroeste do ámbito.

En relación á mobilidade, os terreos atópanse circunvalados pola autoestrada AG-55 –ao leste– e pola estrada AC-551 –ao norte–, ámbalas dúas de titularidade autonómica, e son atravesados na marxe norte pola estrada provincial DP-0512, estando afectados polas zonas de servidume das devanditas vías e polos niveis de inmisión acústica asociados ás dúas primeiras. Ao nordés existe un nodo de comunicacións do que parte tamén a autovía A-6 de titularidade estatal, polo que o ámbito presenta unha boa conectividade.

En canto ás redes de servizos existentes na contorna, os principais ramais de abastecemento discorren asociados ás estradas AC-552, así como a outras estradas provinciais e municipais –DP-511 e DP-512 ao oeste, DP-508 ao sur e CM-0398 ao leste–. Respecto do saneamento, a rede existente máis próxima discorre paralela aos ríos de Seixedo e de Arteixo, que conectan coas infraestruturas da AC-552.

Noutro eido, polo ámbito do proxecto discorren dúas liñas de alta tensión. Neste senso, no borrador indícase que a liña que o atravesa polo oeste está soterrada e dará subministro ao sector a partir da





nova subestación prevista no mesmo, mentres que a outra liña ao leste, manterase no seu estado actual e integrarase nas zonas verdes proxectadas.

Así mesmo, está previsto o paso do novo gasoduto do Eixo Bergantiños, que discorrerá polo ámbito –en dirección nordeste-suroeste– partindo da rede de gas xa existente ao norte do parque. Segundo a documentación achegada, o trazado desta infraestrutura recuarase para que atravesese as zonas verdes previstas no marxe leste.

3. Período de consultas previas

Recibiuse resposta da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Axencia Galega de Infraestruturas, da Dirección Xeral de Mobilidade, do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego do Concello de Arteixo, da Asociación de Veciños de San Esteban de Morás e Lugar do Souto, e varios particulares.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo deberá considerar estas observacións no proceso de elaboración da modificación, para o cal se lle remiten os textos íntegros recibidos. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Informa que as obras de remate da urbanización e aquelas que xeren as modificacións propostas no contorno de protección da Mámoa de Loureda, deberán contar coa correspondente autorización por parte da Consellería de Cultura.

Destaca tamén que previamente a calquera actividade non arqueolóxica relacionada coas obras dentro do contorno de protección xenérico establecido, un arqueólogo localizará e identificará sobre o terreo a mámoa que se balizará para a súa protección. A liña de baliza deberá estar, como mínimo, a 10 metros do límite da periferia da masa tumular, e esta a área de protección integral.

Axencia Galega de Infraestruturas

Informa de que as estradas autonómicas AG-55 e AC-551 discorren polo ámbito, polo que os terreos comprendidos entre a liña exterior da zona de dominio público e a liña de edificación, deberán cualificarse como sistema xeral viario. En caso contrario, clasifícanse como solo rústico de especial protección de infraestruturas.

Sinala que na modificación recollese o novo trazado aprobado da conexión norte do parque coa estrada AC-551, na parcela RI-03. Este trazado é o recollido no proxecto construtivo do “Acceso ao parque de actividades económicas de Arteixo (A Coruña)”, aprobado definitivamente e cuxas obras atópanse en execución dende o día 11.03.2019. Informa que se atopa en fase de supervisión o proxecto modificado nº1 deste proxecto, que afecta ao deseño deste acceso ao modificar a tipoloxía do enlace coa estrada AC-551.

Sinala que na documentación presentada non se recollen as afeccións acústicas para as vías de titularidade autonómica, polo que deberán incluírse na parte normativa as seguintes limitacións de uso derivadas do ruído, co seguinte texto: *“para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal, a realización dos estudos necesarios para adeterminación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento”.*

Finalmente, o Proxecto adaptarase á normativa sectorial indicada no apartado fundamentos xurídicos deste informe, e no seu caso, aos proxectos de trazado, anteprojectos, proxectos de construción e





aos proxectos sectoriais da rede viaria, aprobados por esta Axencia e que lle afecten dentro do seu ámbito territorial.

Dirección Xeral de Mobilidade

Informa que a modificación proposta reduce considerablemente as prazas de aparcadoiro con respecto ás recollidas no plan sectorial, cumprindo no entanto coas determinacións do artigo 41 da LSG. A pesar de que as reservas previstas son superiores ás mínimas esixidas, suxire que sexa incluída unha xustificación sobre si esta redución de prazas leva emparellada unha redución da demanda de aparcadoiro, modificándose a previsión contemplada no plan sectorial. En todo caso sinala que deberán quedar garantidas as necesidades ao respecto.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego do Concello de Arteixo

Solicita que se aclaren as obras que se desenvolveron dende o ano 2008, xa que non se fai referencia no proxecto ao acontecido até o de agora sinalando que supuxo un investimento de recursos públicos.

Considera insuficiente a reserva de prazas de aparcamento do proxecto, indicando que son menores que ás do proxecto inicial. Así mesmo, indica que se estude a posibilidade de facer varias áreas de aparcamento público en varios puntos do parque.

Destaca a necesidade de facer un estudo de habilitar unha zona específica para camións, na procura de evitara o que acontece no Polígono de Sabón.

A o respecto da parcela pública que se unifica nunha única propiedade, sinala que debe reconsiderarse a súa localización no parque, na procura de dar continuidade aos equipamentos no caso de situarse máis preto da zona urbana.

Indica que non se estiman con datos técnicos as necesidades das infraestruturas urbanísticas nin o seu custo, suxerindo a revisión do apartado correspondente.

Entende que o apartado de medidas de integración paisaxística e ambiental presentado é insuficiente, indicando que non aporta novidades ao respecto do proxecto inicial. Suxire que se elabore un novo estudio de integración paisaxística en profundidade, no que se contemple non só a área industrial senón a situación da contorna.

Solicita que se faga un estudio de mobilidade, indicando que non se fan valoracións sobre a conexión co Polígono de Sabón, o uso do transporte público ou os viais exteriores que se van ver afectados pola actividade do polígono.

Asociación de Veciños de San Esteban de Morás e Lugar do Souto e particulares

Sinalan que o proxecto sectorial nunca se publicou nun diario oficial, entendendo que nunca estivo vixente, polo tanto non procede a tramitación da modificación proposta.

Fan referencia á caducidade do proxecto –en virtude do artigo 15 do Decreto 80/2000–, por incumprimento dos prazos para a terminación do proxecto.

Fan constar que falta unha xustificación do interese público da modificación, entendendo que non debería tramitarse por avaliación ambiental estratéxica simplificada.

Sinalan que non queda suficientemente xustifico que a rede municipal poda abastecer o caudal necesario e o reforzo a levar a cabo na rede de saneamento. Ademais tamén indican que non se fai referencia ao tráfico pesado que suporá na contorna.

Finalmente sinalan que no proxecto orixinal prevíase a adquisición do solo empresarial mediante concurso público, entendendo que agora preténdese adxudicar sen criterio ou valoración.





4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

A modificación pretende adaptar a configuración parcelaria do proxecto sectorial aprobado ás necesidades da demanda actual do mercado, na procura de favorecer a comercialización das parcelas resultantes e a implantación de novas actividades industriais na zona.

As modificacións introducidas na proposta afectarán exclusivamente aos terreos do proxecto sectorial aprobado, non modificando o seu ámbito de actuación. O reaxuste parcelario formulado redistribúe o aproveitamento previsto inicialmente, non implicando incrementos de edificabilidade. Polo tanto, non se considera que podan producirse efectos significativos asociados ao **consumo de solo**.

Os terreos afectados pola modificación atópanse moi antropizados, toda vez que neles foron acometidas obras de urbanización, aínda pendentes de completar. Os movementos de terra e explanacións levadas a cabo, transformaron considerablemente o ámbito e a súa contorna, modificando a topografía e as características naturais dos terreos. Na actualidade non existen elementos naturais ou hábitats de interese na zona. En consecuencia, non é previsible que a modificación do proxecto sectorial supoña novos efectos significativos sobre a **paisaxe** ou o **medio natural**.

Segundo a información dispoñible e a achegada no borrador, no ámbito de actuación non existen bens pertencentes ao **patrimonio cultural**. Se ben a execución das obras de urbanización previstas poderían afectar á Mámoa de Loureda, por estar dentro do seu contorno de protección, os efectos que poden producir sobre o citado elemento patrimonial non se consideran significativos, lembrando ademais que, en todo caso, será preciso que as citadas obras conten con autorización por parte da Consellería de Cultura.

A modificación incorpora cambios no deseño das redes de servizos urbanísticos para adaptarse a nova ordenación prevista e aos proxectos de urbanización xa aprobados. Os reforzos e melloras das redes previstas pretenden cubrir as necesidades derivadas da futura actividade industrial. Segundo o sinalado non se agarda que vaian a producirse efectos significativos sobre o **ciclo hídrico**, sen prexuízo das consideracións que poda aportar o organismo de conca ao respecto.

Os cambios no trazado das vías de comunicación e nas previsións de zonas de aparcadoiro, afectarán basicamente ao interior do ámbito, tentando adaptar o proxecto sectorial á nova ordenación. En consecuencia non se agarda que podan producirse efectos significativos asociados a un incremento da **movibilidade** da zona.

A proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados no proxecto sectorial. Tampouco inflúe noutros plans ou programas, nin se considera pertinente para a integración de consideracións ambientais nin para a implantación da lexislación en materia de medio ambiente.

Á vista do exposto, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados da modificación do proxecto sectorial, sen prexuízo das consultas e autorizacións que proceda obter doutros organismos de conformidade coa normativa sectorial que resulte de aplicación.





PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación do Proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo*, ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Margarita Segade Castro

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación do Proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo***.

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal>); remitirase ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto á copia dos informes recibidos na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación da modificación

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase a modificación no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da modificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Cruz Ferreira Costa

Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático





INFORME RESPONSA NA FASE DE CONSULTAS DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

ANTECEDENTES

A Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, mediante correo electrónico de data 19/06/2019 comunicoulle á Axencia Galega de Infraestructuras a posta a disposición do borrador e do documento ambiental estratéxico do seguinte plan:

Nome do plan: Modificación do proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo
Promotor: Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A.
Órgano substantivo: Instituto Galego de Vivenda e Solo
Expediente: 2019AAE2345
Código web: 2213/2019

Co obxecto de sometelo a consultas, segundo establece a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establecendo o prazo para dita consulta ata o día 23/08/2019 e solicitando que se lle envíen as observacións e suxestións que considere oportunas en relación ós posibles efectos ambientais significativos do citado Plan.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado por Decreto 66/2016, do 26 de maio.

Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

ESTRADAS AFECTADAS

As estradas autonómicas que discorren no ámbito ao que se refire este Plan son as que se amosan na seguinte táboa:

Código	Denominación	Categoría
AG-55	Coruña - Baio (VG-1.5)	VAC
AC-551	Saída 7 (AG-55) – Sabón (AC-552)	PB

INFORME

A modificación do proxecto sectorial do Parque de Actividades Económicas de Arteixo (ACTECA) ten por obxecto a modificación de determinados aspectos da ordenación detallada prevista para facilitar o seu desenvolvemento. As modificacións previstas responden a: adaptar a configuración das parcelas ás actuais demandas dos inversores, modificar certos aspectos detectados na definición das obras de urbanización e incorporar medidas que melloren a sustentabilidade e eficiencia do ACTECA.

Nesta modificación do proxecto sectorial recollese o novo trazado aprobado da conexión norte do parque coa estrada AC-551, na parcela RI-03.

Este trazado é o recollido no proxecto construtivo do "Acceso ao parque de actividades económicas de Arteixo (A Coruña)", que se aprobou definitivamente con data 12.09.2018. As obras correspondentes a este proxecto atópanse en execución dende o día 11.03.2019.

2019AAE2345





Cabe mencionar que se atopa en fase de supervisión o proxecto modificado nº1 deste proxecto construtivo que afecta ao deseño deste acceso ao modificar a tipoloxía do enlace coa estrada AC-551.

O artigo 22.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que unha vez aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos nesta lei de estradas serán efectivas con respecto aos terreos aos que afecte a actuación correspondente.

Por outro lado, nas estradas autonómicas, os terreos comprendidos entre a liña exterior da zona de dominio público e a liña límite de edificación que se atopen incluídos no ámbito do proxecto sectorial, e polo tanto do solo urbanizable, cualifícanse como sistema xeral viario, en caso contrario, clasifícanse como solo rústico de especial protección de infraestructuras, manténdoo fóra da delimitación do ámbito de solo urbanizable.

Anéxanse a este informe os criterios de ordenación que, con carácter xeral, esta Axencia considera precisos para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada protección do dominio público viario.

Na documentación presentada non se recollen as afeccións acústicas para as vías de titularidade autonómica. A día de hoxe non hai servidumes acústicas declaradas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia. Os treitos das estradas AG-55 e AC-551, dada a súa IMD, foron incluídas na elaboración dos Mapas Estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios en aplicación da directiva comunitaria 2002/49/CEE. A citada documentación está dispoñible para a súa descarga na páxina do Ministerio para a Transición Ecolóxica no seguinte link <http://sicaweb.cedex.es/>

No documento, ademais da información dos mapas, deberá incluírse na parte normativa as seguintes limitacións de uso derivadas do ruído, co seguinte texto:

“Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal, a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento”.

Finalmente, o Proxecto adaptarase á normativa sectorial indicada no apartado fundamentos xurídicos deste informe, e no seu caso, aos proxectos de trazado, anteprojectos, proxectos de construción e aos proxectos sectoriais da rede viaria, aprobados por esta Axencia e que lle afecten dentro do seu ámbito territorial.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente:
Sonia Sánchez Carbajales
Xefa do Servizo de Planificación

Asinado dixitalmente:
Carlos Lefler Gullón
Xefe da Área de Planificación e Proxectos

2019AAE2345



RV: Trámite de consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica (exp.: 2019AAE2345) - MODIFICADO

Mobilidade, Cim

luns 19/08/2019 13:21

Para:Estratexica, Avaliación Ambiental <avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal>;

Reenvio tramite de consultas modificado:

Vista la documentación del procedimiento del asunto, consistente en una Modificación puntual del Proyecto Sectorial del Parque de Actividades Económicas de Arteixo, para adaptar la configuración de las parcelas, modificar aspectos en la definición de las obras de urbanización e incorporar medidas que mejoren su integración paisajística, sostenible y eficiente, **se realiza la siguiente consideración:**

En la Modificación propuesta se reducen considerablemente las plazas de aparcamiento con respecto a las recogidas en el Proyecto Sectorial, y a pesar de que dicha reducción cumple con las determinaciones del artículo 41 de la Ley del Suelo de Galicia al ser superiores a las mínimas exigidas, se recomienda incluir una justificación sobre si dicha reducción lleva pareja una reducción de demanda de aparcamiento, modificando así la previsión recogida en el PS, quedando en todo caso garantizada la cobertura de esta necesidad.

De: Mobilidade, Cim

Enviado: miércoles, 19 de junio de 2019 13:25

Para: Vila Barbosa, Isabel

Asunto: RV: Trámite de consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica (exp.: 2019AAE2345)

De: Estratexica, Avaliación Ambiental

Enviado el: miércoles, 19 de junio de 2019 13:25

Asunto: Trámite de consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica (exp.: 2019AAE2345)

Na páxina web http://cmatv.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental está á súa disposición o documento ambiental estratéxico e o borrador do seguinte plan:

Procedemento: avaliación ambiental estratéxica simplificada

Nome do plan: Modificación do proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo

Promotor: Xestión do Solo de Galicia-Xestur SA

Órgano substantivo: Instituto Galego de Vivenda e Solo

Expediente: 2019AAE2345

Código web: 2213/2019

co obxecto de sometelo a consultas, segundo establece a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O prazo para esta consulta está aberto dende o día **19/06/2019** ata o día **23/08/2019**.

No caso de que o estimen conveniente, prégase envíen as observacións e suxestións que considere oportunas en relación aos posibles efectos ambientais significativos do Plan.

Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Rúa San Lázaro s/n

15781 Santiago de Compostela

Enderezo electrónico: avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal



OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL EN RELACIÓN CO TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO

<u>Trámite:</u>	Consulta no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada
<u>Documento:</u>	Borrador e documento ambiental estratéxico (DAE) da <i>Modificación do proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo</i>
<u>Ámbito:</u>	Parque de Actividades Económicas de Arteixo
<u>Autor:</u>	Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Filgueira, arquitectos
<u>Promotor:</u>	Xestión do Solo de Galicia-Xestur SA
<u>Data da solicitude:</u>	19.06.2019
<u>Código web:</u>	2213/2019
<u>Expediente:</u>	2019/1348

MARCO LEGAL

O planeamento vixente no concello de Arteixo son as Normas subsidiarias de planeamento do 23.03.1995 (en diante NSP). É de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia
- Decreto 80/200, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 247 do 28.12.2018)
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (DOG núm. 83 do 02.05.2019)

INTRODUCCIÓN

En virtude do previsto no artigo 46 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), o 19.06.2019 acórdase pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático "*Someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental por un prazo de 45 días hábiles o documento ambiental estratéxico e o borrador da da Modificación do proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo, con carácter previo á emisión do informe ambiental estratéxico., con carácter previo á emisión do informe ambiental estratéxico*". De acordo co artigo 5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental, enténdese por "administracións públicas afectadas" as que teñen competencias nunha serie de materias entre as que se inclúen os bens materiais e o patrimonio cultural.

No marco do Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27), correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia. O artigo 34.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG) establece que todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural. En base á dita competencia fórmulanse as seguintes observacións e suxestións á *Modificación do proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo, con carácter previo á emisión do informe ambiental estratéxico*:

1. Obxecto da modificación do proxecto sectorial

O OBXECTO da Modificación do Proxecto Sectorial (en diante PS) é modificar determinados aspectos da ordenación detallada prevista, co obxecto de facilitar a comercialización das parcelas de resultado previstas e, con elo, o seu desenvolvemento.



Os documentos que conforman esta Modificación substitúen na súa totalidade a documentación recollida no PS en vigor.

Segundo consta no Borrador, o Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal do Parque de Actividades Económicas de Arteixo (en diante ACTECA) *“foi aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 22.07.2005 (DOG do 30 de setembro de 2005). Dito acordo declarou tamén a utilidade pública e o interese social das obras, instalacións e servizos previstos, así como a necesidade de ocupación para os efectos da expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución do referido proxecto.*

Recentemente aprobouse o documento “Delimitación de Fases de Urbanización do Proxecto Sectorial do Parque de Actividades Económicas de Arteixo (A Coruña)”, co obxectivo de delimitar as fases de urbanización que permitan o desenvolvemento do ACTECA.

(...)

O presente documento de Modificación do Proxecto Sectorial do ACTECA, incorpora as fases definidas no documento de delimitación de fases.”

As obras de urbanización atópanse sen finalizar e aproveitarase para o deseño dun novo parcelario mantendo a edificabilidade, usos, conexións, etc.


As actuacións propostas son as seguintes:

- Creación dunha nova plataforma de grandes dimensións.
- Reordenación das plataformas(parcelas).
- Cambios en redes e infraestruturas.
- Incorporación do de delimitación de fases
- Novas medidas de integración paisaxística e sustentabilidade ambiental.
- Modificar certos aspectos detectados na definición das obras de urbanización, cara a facilitar o seu desenvolvemento

2. Incidencia da actuación sobre o patrimonio cultural de Galicia

O ámbito da modificación atópase afectado polo contorno de protección da Mámoa de Loureda co GA15005028, identificada no Plan Básico Autonómico de Galicia (en diante PBA). O túmulo sitúase na esquina oeste do PS, onde se vai a situar a gran plataforma a desenvolver dentro da denominada Fase B: 598.425 m², do recentemente aprobado documento “Delimitación de Fases de Urbanización do Proxecto Sectorial do Parque de Actividades Económicas de Arteixo (A Coruña)”, que a modificación actual vai manter.

As obras de urbanización que faltan por executar no límite sur oeste desa fase, poderían afectar ao túmulo de Loureda, xa que a zona a carón do viario nese ámbito está sen rematar e os traballos da nova conexión á rede eléctrica soterrada existente están dentro do contorno de protección.



- a) Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes de dominio e uso públicos: en proporción non inferior a 15 metros cadrados por cada 100 metros cadrados edificables de uso residencial.*
- b) (...)*

A efectos do cumprimento desta reserva de solo de sistema xeral, teranse en conta a edificabilidade total do ámbito destinada a usos residenciais (vivenda da garda) e os equivalentes ao residencial, tales coma o terciario hoteleiro e o dotacional que implique pernoita de persoas, que como se amosou con anterioridade é de 20.271 m², polo que resultan as seguintes superficies mínimas:

RESERVA SISTEMA XERAL ESPAZOS LIBRES				Superficie mínima Normativa	Superficie Modificación Proxecto Sectorial
ESPAZOS LIBRES	art. 42 LSG art. 66 RLSG	15m ² /100m ² uso res.	15%	3.040,65	102.381,00

As parcelas que conforman o sistema xeral de espazos libres son as seguintes:

ZONA	SUPERFICIE	SISTEMA	DIÁMETRO	TIPOLOXÍA
EL-04*	21.305 m ²	SX	30 m	Zona Verde - Xardín
EL-06b*	56.453 m ²	SX	100 m	Zona Verde - Parque
EL-06c*	24.623 m ²	SX	30 m	Zona Verde - Xardín

4.1.2. Xustificación da reserva de Espazos Libres de Sistema Local

O resto dos espazos libres definidos no presente documento formarán parte do sistema local. En relación a estes, a LSG establece a seguinte reserva.

Artigo 42. Calidade de vida e cohesión social

1. (...)

2. Con independencia dos sistemas xerais, o plan que conteña a ordenación detallada establecerá no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable as reservas mínimas de solo para os seguintes sistemas locais, ao servizo do polígono ou sector:

a) Sistema de espazos libres públicos destinados a parques, xardíns, áreas de lecer, expansión e recreo da poboación:

- En ámbitos de uso residencial ou hoteleiro: 18 metros cadrados de solo por cada 100 metros cadrados edificables e como mínimo o 10 % da superficie total do ámbito.
- En ámbitos de uso terciario ou industrial: a superficie que, xustificadamente, se estableza no planeamento de desenvolvemento.

b) (...)

A efectos do cumprimento desta reserva de solo de sistema local teranse en conta a edificabilidade total do ámbito destinada a usos equivalentes ao residencial, tales coma o terciario hoteleiro e o dotacional que implique pernoita de persoas, que como se amosou con anterioridade é de 20.271 m², polo que resultan as seguintes superficies mínimas:

RESERVA SISTEMA LOCAL ESPAZOS LIBRES				Superficie mínima Normativa	Superficie Modificación Proxecto Sectorial
ESPAZOS LIBRES	art. 42 LSG art. 69 RLSG	18m ² /100m ² uso res.	18%	3.648,78	138.803,00

As parcelas que conforman o sistema local de espazos libres son as seguintes:

ZONA	SUPERFICIE	SISTEMA	DIÁMETRO	TIPOLOXÍA
EL-01	19.099 m ²	SL	30 m	Zona Verde - Xardín
EL-02	7.842 m ²	SL	30 m	Zona Verde - Xardín
EL-03	7.239 m ²	SL	30 m	Zona Verde - Xardín
EL-05a	7.486 m ²	SL	30 m	Zona Verde - Xardín
EL-05b	13.209 m ²	SL	30 m	Zona Verde - Xardín
EL-06a	11.749 m ²	SL	30 m	Zona Verde - Xardín
EL-06d	8.491 m ²	SL	30 m	Zona Verde - Xardín
EL-06e	63.688 m ²	SL	100 m	Zona Verde - Parque

Tal e como se detalla nas táboas anteriores, segundo o artigo 70 do RLSG, todos os espazos libres propostos na presente modificación terán a condición de Zonas Verdes, e serán de tipoloxía Parques e Xardíns.

4.2. XUSTIFICACIÓN DA RESERVA DE EQUIPAMENTOS

O sistema de equipamentos públicos propostos se modifica con respecto ao recollido no proxecto sectorial vixente, unificando todo o solo destinado a este uso nunha posición estratéxica dentro do parque. A zona resultante destinada a equipamento público se sitúa no enlace dos viarios eixe 0, eixe 1 e eixe 10, polo que ten unha localización centralizada, moi conectada e que favorecerá a integración dos futuros equipamentos propostos no conxunto do parque empresarial. Ademais, conta cunha posición nunha das zonas máis elevadas do parque, polo que contará con vistas sobre os vales circundantes, ademais de favorecer a integración paisaxística do parque xa que as edificacións proxectadas como equipamentos teñen un impacto moito menor que as edificacións de uso industrial.

Segundo o artigo 71 do RLSG, os equipamentos propostos terán a condición dotacional múltiple, xa que non contan con ningún uso específico no momento de redacción da presente modificación.

4.2.1. Xustificación da reserva de Equipamentos de Sistema Xeral

No caso dos equipamentos, a Modificación propón o traslado do EQ-01 á unha posición lindeira ao equipamento EQ-02, resultando unha única área de equipamento.

De tódolos xeitos, no presente documento, procederase a xustificar a reserva de equipamentos de sistema xeral. A LSG establece a seguinte reserva.

Artigo 42. Calidade de vida e cohesión social

1. (...)

b) Sistema xeral de equipamento comunitario de titularidade pública: en proporción non inferior a 5 metros cadrados por cada 100 metros cadrados edificables de uso residencial.

A efectos do cumprimento desta reserva de solo de sistema xeral teránse en conta a edificabilidade total do ámbito destinada a usos equivalentes ao residencial, tales coma o terciario hoteleiro e o dotacional que implique pernoita de persoas, que como se amosou con anterioridade é de 20.271 m², polo que resultan as seguintes superficies mínimas:

RESERVA SISTEMA XERAL EQUIPAMENTOS				Superficie mínima Normativa	Superficie Modificación Proxecto Sectorial
EQUIPAMENTOS	art. 42 LSG art. 66 RLSG	5m ² /100m ² uso res.	5%	1.013,55	10.592,00

A parcela que conforma o sistema xeral de equipamentos é a seguinte:

ZONA	SUPERFICIE	SISTEMA	DIÁMETRO	TIPOLOXÍA
EQ-01*	10.592 m ²	SX	-	Dotacional Múltiple

4.2.2. Xustificación da reserva de Equipamentos de Sistema Local

O resto dos equipamentos definidos no presente documento formarán parte do sistema local. En relación a estes, a LSG establece a seguinte reserva.

Artigo 42. Calidade de vida e cohesión social

1. (...)

2. *Con independencia dos sistemas xerais, o plan que conteña a ordenación detallada establecerá no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable as reservas mínimas de solo para os seguintes sistemas locais, ao servizo do polígono ou sector:*

a) (...)

b) *Sistema de equipamentos públicos destinados á prestación de servizos sanitarios, asistenciais, docentes, culturais, deportivos e outros que sexan necesarios:*

- *En ámbitos de uso residencial ou hoteleiro: 10 metros cadrados de solo por cada 100 metros cadrados edificables.*

- *En ámbitos de uso terciario ou industrial: a superficie que, xustificadamente, se estableza no planeamento de desenvolvemento.*

c) (...)

A efectos do cumprimento desta reserva de solo de sistema local teranse en conta a edificabilidade total do ámbito destinada a usos equivalentes ao residencial, tales coma o terciario hoteleiro e o dotacional que implique pernoita de persoas, que como se amosou con anterioridade é de 20.271 m², polo que resultan as seguintes superficies mínimas:

RESERVA SISTEMA LOCAL EQUIPAMENTOS				Superficie mínima Normativa	Superficie Modificación Proxecto Sectorial
EQUIPAMENTOS	art. 42 LSG art. 69 RLSC	10m ² /100m ² uso res.	10%	2.027,10	14.298,00

A parcela que conforma o sistema local de equipamentos é a seguinte:

	SUPERFICIE	SISTEMA	DIÁMETRO	TIPOLOXÍA
EQ-02	14.298 m ²	SL	-	Dotacional Múltiple

4.3. XUSTIFICACIÓN DA RESERVA DE PRAZAS DE APARCAMENTO

O Proxecto Sectorial establece dúas praias de aparcamento para camións (una delas tamén para turismos), e a previsión de prazas ao longo dos viais públicos de servizo ao ámbito. En total prevía a execución de 5.045 prazas de aparcamento.

A LSG establece a seguinte reserva.

Artigo 42. Calidade de vida e cohesión social

1. (...)

2. *Con independencia dos sistemas xerais, o plan que conteña a ordenación detallada establecerá no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable as reservas mínimas de solo para os seguintes sistemas locais, ao servizo do polígono ou sector:*

a) (...)

c) *Prazas de aparcadoiros de vehículos: unha praza de aparcadoiro por cada 100 metros cadrados edificables, das que, como mínimo, a cuarta parte debe ser de dominio público.*

d) (...)

O estándar mínimo establecido prevé a reserva dunha praza por cada 100 metros cadrados edificables, das que, como mínimo, a cuarta parte debe ser de dominio público. Sinalar que tendo en conta a lexislación urbanística vixente, non hai diferenza na reserva segundo o uso da superficie edificable total a ter en conta, sendo a mesma reserva tanto para uso industrial como para uso terciario, que son os dous usos principais que están recollidos ACTECA.

As prazas resultantes totais e por fases propostas na presente Modificación resúmense no seguinte cadro:

		EDIFICABILIDADE	ART. 42 LEI 2/2016	MODIFICACIÓN PROXECTO SECTORIAL			
Fases	Superficie (m ²)	Edificabilidade total (m ² c)	Prazas Aparcamento (1 praza / 100 m ² e)	Prazas en Viais públicos	Prazas en Aparcamentos específicos	Prazas Totais en Dominio Público	% (LEI 2/2016)
Fase A	554.067 m ²	300.109,2 m ²	3.001 prazas	1.252 prazas	0 prazas	1.252 prazas	42%
Fase B	598.425 m ²	370.236,8 m ²	3.702 prazas	362 prazas	138 prazas	500 prazas	14%
Fase A+B		670.346,0 m²	6.703 prazas	1.614 prazas	138 prazas	1.752 prazas	26%
Fase C	227.554 m ²	91.127,4 m ²	911 prazas	568 prazas	152 prazas	720 prazas	79%
Fase D	148.264 m ²	74.067,7 m ²	741 prazas	231 prazas	0 prazas	231 prazas	31%
TOTAL	1.528.310 m²	835.541,1 m²	8.355 prazas	2.413 prazas	290 prazas	2.703 prazas	32%

* A fase B xustifícase sumando a fase A, xa que é a primeira en executarse.

O número total de prazas contabilizadas no Proxecto Sectorial en vigor son 896 prazas en parcelas de aparcadoiro específico, e 4.149 prazas en viais, sumando un total de 5.045 prazas.

A Modificación propón en total 290 prazas en parcelas de aparcamento específico, pero a maior parte para vehículos de transporte e camións de grandes dimensións, polo que aínda se reducen as prazas con respecto as recollidas no Proxecto Sectorial vixente, a superficie total de parcelas de uso aparcamento practicamente mantéñense, sendo similar a proposta na Modificación como a recollida no Proxecto Sectorial.

A Modificación propón ademais 2.413 prazas de aparcamento en viais públicos, reducíndose con respecto as recollidas no Proxecto Sectorial, debido á eliminación do vial eixe-3 e da zona oeste do vial eixe-1. No resto de viais se realiza un axuste das prazas propostas, para prever o espazo necesario de accesos as parcelas e de cruces de mobilidade peonil.

Ademais, como xustificación de dita redución de prazas de aparcamento, sinalar que a presente modificación dispón duna gran parcela de uso industrial (Zona M) destinada a un tipo de complexo industrial de gran tamaño, no mesmo lugar que no proxecto sectorial vixente se dispoñían un maior número de parcelas destinadas a un tipo de industria de menor tamaño. En primeiro lugar, a nova zona M, contará cun tipo de industria que disporá no interior da propia parcela de espazo suficiente para aparcamentos privados destinados a acoller a demanda interna dos traballadores da futura instalación. Ademais, este tipo de industrias, que contan con plantillas de traballadores numerosas, dispoñen de liñas específicas de transporte colectivo, polo que a demanda de prazas de aparcamento se diminúe considerablemente.

Deste xeito, queda xustificada a suficiencia das prazas de aparcamento en dominio público, xa que exceptuando na zona oeste, onde se dispón a parcela da zona M, o resto do ámbito conta practicamente coas mesmas prazas de aparcamento que no proxecto sectorial vixente.

A pesar da redución de prazas de aparcamento en dominio público, como se recolle no cadro anterior, as prazas propostas compren as determinacións do artigo 42 da LSG, sendo superiores en todo caso as mínimas esixidas, tanto no ámbito total da actuación coma en cada unha das fases de urbanización propostas. Sinalar neste punto que a fase A será a primeira en executarse, tal e como se recolle no documento de delimitación de fases aprobado, polo que as fases restantes sempre contarán coas prazas recollidas na fase A máis as propostas na fase correspondente. As prazas de aparcamento cumpriran as características detalladas no artigo 75 do RLSG.

No caso das prazas adaptadas, a Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade, establece o seguinte.

Artigo 8. Aparcadoiros

1. En todas as zonas destinadas ao estacionamento de vehículos lixeiros, estean situadas en superficie ou subterráneas, que se sitúen en vías ou espazos de uso público reservaranse, con carácter permanente e tan preto como sexa posible dos accesos peonís, prazas debidamente sinalizadas para vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida; como mínimo, reservarase unha de cada corenta prazas ou fracción. O número total destas prazas non se verá afectado polas políticas restritivas do aparcadoiro que leven a cabo para fomentar a mobilidade sustentable.

2. Os accesos peonís ás devanditas prazas cumprirán as condicións esixidas para ser accesibles.

3. As prazas reservadas para o uso de persoas con mobilidade reducida haberán de cumprir as especificacións e posuír as dimensións que se establezan regulamentariamente.

Ao mesmo respecto, o Decreto 35/2000, establece:

ARTIGO 21. Reserva de prazas adaptadas

1. Nas zonas destinadas a estacionamento de vehículos lixeiros, sexan de superficie ou subterráneas, que se sitúen en vías ou espazos de uso público ou dean servizo a equipamentos comunitarios, reservaranse con carácter permanente e tan próximo como sexa posible dos accesos peonís, prazas debidamente sinalizadas para vehículos acreditados que transporten persoas en situación de mobilidade reducida.
2. As prazas adaptadas deberán ter un itinerario de peóns adaptado conforme ao establecido no código de accesibilidade que posibilite a comunicación desde as mesmas ata a vía pública.
3. Estas prazas e o itinerario de acceso ás mesmas sinalizaranse co símbolo internacional de accesibilidade situado sobre o pavimento. Así mesmo, instalaranse sinais verticais co texto: «Praza reservada para persoas con mobilidade reducida».
4. Un aparcadoiro considérase adaptado cando reúne as condicións establecidas na base 1.3 do código de accesibilidade.

Base 1.3. Aparcadoiros**A. Dimensións.**

Serán as que se derivan da necesidade de deixar un espazo libre no lateral do coche para permitir a transferencia ao vehículo.

A dimensión mínima dunha praza será:

Adaptado: 3,50x5,00 m

Practicable: 3,00x4,50m

Se a praza sitúase de forma que sexa adxacente a un itinerario peonil este integrase como parte do ancho da praza.

B. Sinalización.

As prazas reservadas para uso de persoas con mobilidade reducida sinalizaranse co símbolo internacional de accesibilidade e a lenda «Reservado para persoas con mobilidade reducida».

C. Accesos.

As prazas reservadas para minusválidos estarán comunicadas cun itinerario peonil adaptado ou practicable segundo sexa esixible, debendo salvar o desnivel coa beirarrúa, se o houbese, mediante un vao con pendente non superior ao 12%.

D. Reserva mínima de prazas adaptadas.

Ata 200 prazas de capacidade total: 1 praza adaptada por cada 40 prazas ou fracción.

De 201 a 1000 prazas: 1 praza adaptada por cada 100 prazas ou fracción.

De 1001 a 2000 prazas: 1 praza adaptada por cada 200 prazas ou fracción.

Máis 2000 prazas: 1 praza adaptada por cada 400 prazas ou fracción.

A ordenación prevista no presente documento posibilita as reservas necesarias para cumprir con estas determinacións. Será o proxecto de urbanización o documento que concrete a posición destas prazas.

4.4. XUSTIFICACIÓN DA RESERVA PARA ARBORADO

Respecto das reservas para arborado, a LSG establece o seguinte:

Artigo 42. Calidade de vida e cohesión social

1. (...)
2. *Con independencia dos sistemas xerais, o plan que conteña a ordenación detallada establecerá no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable as reservas mínimas de solo para os seguintes sistemas locais, ao servizo do polígono ou sector:*
 - a) (...)
 - b) (...).
 - c) (...).
 - d) *Para arborado:*
 - *En ámbitos de uso residencial ou hoteleiro: a plantación ou conservación dunha árbore por cada 100 metros cadrados edificables.*
 - *En ámbitos de uso terciario ou industrial: a plantación ou conservación do número de árbores que, xustificadamente, se estableza no planeamento de desenvolvemento.*
3. (...)

A efectos do cumprimento desta reserva de arborado, terase en conta a edificabilidade total do ámbito destinada a usos equivalentes ao residencial, tales coma o terciario hoteleiro e o dotacional que implique pernoita de persoas, que como se amosou con anterioridade é de 20.271 m², polo que resultan as seguintes superficies mínimas:

RESERVA ARBORADO				Unidades mínima Normativa	Unidades Modificación Proxecto Sectorial
ARBORADO	art. 42 LSG art. 69 RLSG	1árbore/100m ² uso res.	1%	203 árbores	>1.417 árbores

Co anterior, a presente modificación, que ten os efectos de planeamento de desenvolvemento, de uso terciario e industrial, debe xustificar a plantación ou conservación do número de árbores, dispoñendo como mínimo os sinalados na táboa anterior.

No ámbito do parque, se manterán, sempre que non supoñan ningún obstáculo para a configuración das plataformas propostas, os árbores existentes dentro da delimitación dos espazos libres propostos. Ademais, estes espazos libres, deberán contar coa plantación de especies vexetais a definir no correspondentes proxectos de urbanización, superando o número mínimo de unidades indicado na táboa anterior, e favorecendo a integración paisaxística de todo o conxunto.

5. ESTUDIO DE INCIDENCIA TERRITORIAL DO ACTECA

5.1. ANÁLISE DO IMPACTO DE TRÁFICO SOBRE AS INFRAESTRUTURAS EXISTENTES

O potencial xerador do Parque de Actividades Económicas de Arteixo, en virtude da experiencia do redactor neste tipo de instalacións, pode estimarse da seguinte maneira:

Para a análise da xeración de tráfico no Parque para o momento da total ocupación das parcelas consideráronse os seguintes cocientes:

- 1,6 camiós /día por cada 1.000 m³ de superficie edificable
- 6 turismos/día por cada 1.000 m³ de superficie edificable.

Por tanto e para as 85,20 Ha de superficies edificables que albergará o parque, resultarán:

- Vehículos pesados: $1,6 \times 851,93 = 1.364$ vehículos pesados / día.
- Vehículos lixeiros: $6 \times 851,93 = 5.112$ vehículos lixeiros / día.

Atopámonos con que a intensidade media diaria total (I.M.D.) que se producirá, segundo as estimacións, será de 6.476 vehículos/día. A porcentaxe de pesados respecto a I.M.D. resulta dun 21 %, porcentaxe bastante coherente coas experiencias de tráfico noutros parques.

Evidentemente o grosu dos novos movementos será absorbido pola A-6 e a A-55, as cales terán capacidade suficiente para asumir o incremento de tráfico derivado da actividade desenvolta no Parque tras o seu correspondente período de maduración, non producíndose ningún impacto apreciable nos tráxicos das estradas existentes.

5.2. ANÁLISE DO IMPACTO SOBRE OS NÚCLEOS DE POBOACIÓN AFECTADOS

Os núcleos de poboación circundantes (Uxes, Laxobre, Cons, Mouras...) obterán importantes beneficios da implantación, a máis diso os derivados do impacto socioeconómico.

No que respecta a os servizos, mellorarase a rede de saneamento cara garantir o seu correcto funcionamento hidráulico, e adecuarase á nova situación dos colectores existentes, incluíndo a renovación de tramos do interceptor existente, o que implicará a eliminación de posibles verteduras debido a roturas.

En canto á integración paisaxística do Parque, dispónse na súa contorna un colchón verde de polo menos 30 metros de ancho, para preservar visual e acusticamente aos núcleos rurais da contorna. A propia morfoloxía do terreo, e os criterios de urbanización empregados definirán un espazo urbanizado de abaixo arriba, sobre unhas ladeiras perimetrais perfectamente vexetadas, configurando un elemento de alta calidade paisaxística.

Os equipamentos públicos sitúanse nunha posición centralizada en con contacto visual sobre os vales circundantes, con moita facilidade de acceso á A-55 e a A-6.

5.3. IMPACTO SOBRE OS USOS DO SOLO

Actualmente o ámbito conta co urbanización executada parcialmente do parque, polo que non existen usos alleos aos futuros usos industriais e terciario proxectados no ámbito.

A clasificación dos terreos segundo o plan vixente do concello de Arteixo (Normas Subsidiarias) sufriu unha importante modificación, coa aprobación do correspondente Proxecto Sectorial, que se mantén na presente modificación.

Con todo, debe terse presente que a promoción do Parque de Actividades Económicas de Arteixo, nace da vontade do IGVS de desenvolver o solo urbanizable industrial previsto no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Arteixo, actualmente en fase de redacción.

5.4. IMPACTO SOBRE OS EQUIPAMENTOS E SERVIZOS EXISTENTES

De entre as obras do futuro Parque Empresarial, destaca o acondicionamento e limpeza do leito do río Seixedo, para garantir o seu funcionamento hidráulico, así como a mellora das redes exteriores de conexión coa rede municipal do concello de Arteixo

En canto á rede de abastecemento, a nova rede municipal do Concello prevé a disposición dun novo depósito de auga a cota 132, que permitirá mellorar o abastecemento do termo municipal, e atender posibles puntas de demanda que se poidan xerar.

Así mesmo, os equipamentos públicos dispóñense nunha posición de centralidade no ámbito. O parque estará dotado de aparcamentos para vehículos pesados e vehículos lixeiros.

5.5. IMPACTO SOBRE O MEDIO FÍSICO

A superficie afectada polo proxecto do Parque de Actividades Económicas de Arteixo non afecta a ningún dos Lugares de Interese Comunitario (LIC) propostos para a Rede Natura 2000 de Galicia. Con todo, producíranse unha serie de afeccións sobre o medio biótico e abiótico, tanto na fase de construción como en fase de explotación das instalacións. A continuación resúmense os impactos previstos na fase de explotación, xa que a construción do parque está practicamente finalizada.

Fase de explotación:

- As industrias que se instalen no Parque Empresarial non poderán producir emisións atmosféricas e verteduras incontroladas. A súa explotación deberá estar suxeita á lexislación ambiental correspondente. Así mesmo, os niveis de ruído superarán aos existentes na situación preoperacional, polo que se deberán arbitrar as medidas correctoras oportunas para que devanditos niveis non excedan os valores reflectidos no plan do Concello de Arteixo.
- As operacións de mantemento ocasionan unha xeración de residuos que debe ser prevista para unha adecuada xestión dos mesmos mediante xestores autorizados en función da súa caracterización como perigosos ou inertes.
- A creación de novos viais dará lugar ao incremento no número de vehículos que circularán pola zona. Isto incrementará os niveis de emisións de hidrocarburos por evaporación do carburante, ademais de emisións de CO, compostos orgánico volátiles, partículas, NOx, chumbo, etc.

5.6. IMPACTO NA ÁREA METROPOLITANA E NA REXIÓN

A análise dos impactos que teñen os Complexos Multifuncionais da entidade do ACTECA sobre as áreas metropolitanas e a súa influencia ao resto da rexión pódese avaliar de múltiples formas, aínda que convencionalmente mídense a través da contribución que as actividades predominantes, inciden sobre o nivel alcanzado por algunhas macromagnitudes económicas, tales como o valor engadido, o emprego, as rendas salariais e os impostos devengados.

No caso particular estudado sobre a implantación dun Parque de Actividades Económicas no municipio de Arteixo, pertencente á comarca da Coruña, o obxectivo básico dos estudos de impacto económico non é outro que o de poñer de manifesto o conxunto de beneficios netos que se atopan asociados á existencia do importante nodo loxístico da Coruña e a súa influencia que excede ao ámbito rexional galego.

A posición estratéxica da área da Coruña, como canalizador das relacións sobre o Eixo Atlántico, implica un achegamento aos mercados potenciais situados máis aló das súas fronteiras. A importancia das infraestruturas ocupan unha importancia fundamental polo desenvolvemento do grao de intermodalidad e as externalidades con outras rexións europeas, que xorden ao amparo do incremento na capacidade competitiva das actividades produtivas no tecido industrial que se pretende implantar.

A importancia do Porto Exterior como zona loxística e a conectividade da Coruña co Parque de Actividades Económicas veríase reflectida non só nun aumento e diversificación das actividades portuarias, senón tamén provocaría unhas expectativas sobre os mercados potenciais da área económica da Coruña configurando a oportunidade de entrar nos grandes fluxos internacionais de mercadorías.

Por outra banda, o impacto socioeconómico noutras rexións onde se implantaron infraestruturas portuarias provocaron un efecto dinamizador sobre as variables económicas, especialmente sobre o emprego, tanto o directo, afecto as actividades primarias, como o inducido e o indirecto aos outros sectores industriais e comerciais. Estes estudos poñen de manifesto como os investimentos estimulan a produtividade global no sector privado (estímase que un aumento dun 1 por cento no stock de infraestruturas, induce un crecemento do 0,23% no sector privado). Polo que respecta ao sector público, este tamén se ve influenciado polos mecanismos das recadacións impositivas e as cargas fiscais que contribúen a menores prestacións por desemprego. En relación a este incremento de emprego, a renda familiar, a cota de mercado e os indicadores de actividades industriais e comerciais incrementaríanse considerablemente como consecuencia do investimento. En consecuencia, o ACTECA supón a resposta á demanda crecente de solo industrial na área metropolitana coruñesa, así como á necesidade de achegar o máis posible os medios de produción ás infraestruturas de transporte, para reducir custos.

O Sector, afecta a tres bolsas de chan clasificadas como segue polo plan vixente (Plano 1.7):

- Solo Non Urbanizable de Protección Forestal (Solo rústico de especial protección forestal, conforme a LSG). Constitúe a extensión maior do chan afectado, estendéndose ao Sur da estrada de Uxes de Leste a Oeste, desde a zona do cemiterio (exterior ao ámbito) ata a zona de afección da autovía.
- Sistemas de dotacións xerais: Leitos Fluviais. (Solo rústico de especial protección das augas, conforme a LSG). Solo de protección asociado ao curso natural do rego que descende pola vaguada Oeste cara a Laxobre.
- Solo Non Urbanizable Común. (Solo rústico de protección ordinaria, conforme á LSG). Corresponde á bolsa de chan en colindancia co núcleo de Laxobre, ao Norte da estrada de Uxes.
- Sistemas de dotacións xerais: Estradas. (Solo rústico de especial protección de infraestruturas, conforme a LSG). Chan de protección asociado ao trazado da estrada da Deputación cara a Uxes.
- Sistemas de dotacións xerais: Tendido eléctrico. (Solo rústico de especial protección de infraestruturas, conforme a LSG). Correspóndese cos trazado das liñas de media tensión que atravesan o sector polos flancos Leste e Oeste.

En conclusión, a maior parte do solo do ámbito estaba clasificada como solo non urbanizable de protección forestal nas referidas Normas Subsidiarias vixentes. Sinalar neste punto que o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Arteixo, en fase de redacción e pendente de aprobación, clasificará integramente o ámbito do Proxecto Sectorial como Solo Urbanizable Industrial, ao ser o proxecto sectorial vixente aprobado no ano 2005 unha norma urbanística de carácter supramunicipal, polo tanto, rango superior ao planeamento municipal.

6.2. ARTICULACIÓN CO PLANEAMENTO

Como síntese das medidas adoptadas para a articulación da nova ordenación co plan, destácanse os seguintes puntos:

- Respecto e protección dos asentamentos poboacionais existentes no ámbito, así como dos solos adxacentes con valores forestais como elementos de calidade limítrofe ambiental.
- Mantemento e potenciación dos usos do plan relativos a espazos libres e zonas verdes.
- Disposición da estrutura viaria non só atendendo á propia funcionalidade da implantación, se tamén ao servizo e accesibilidade dos núcleos da contorna e do medio rural circundante.
- Na proxección dos servizos urbanos actuouse de forma análoga que coa rede viaria, dispoñéndoo de forma que se deixe garantido, ao mesmo tempo, o saneamento, e o abastecemento de enerxía e auga aos núcleos lindeiros coa plataforma.
- Defínese un cordón perimetral de zona verde disposto como área peonil a maneira de tránsito entre a implantación e o medio rural no que se sitúa.
- Sitúanse os solos reservados para Servizos Urbanos e Equipamentos de forma equilibrada entre o propio ámbito do parque e os asentamentos poboacionais circundantes; fixéndose unha posición centralizada, que redunde na súa accesibilidade efectiva, e posibiliten a súa caracterización como elementos dotacionais ao servizo do ACTECA e dos núcleos do medio rural circundante da contorna.

6.3. ADAPTACIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL

1. O Concello de Arteixo deberá adaptar o seu plan urbanístico ao contido deste Proxecto Sectorial, e en todo caso, na primeira modificación ou revisión do planeamento municipal afectado

2. Para estes efectos, as modificacións para introducir no Plan Xeral, son as seguintes:

a. Deberá recoller a clasificación como solo urbanizable da totalidade do solo abarcado no perímetro deste Proxecto Sectorial, respectando a súa configuración territorial como sector único.

b. Para instrumentar a súa ordenación, deberán incorporarse tales clasificacións de solo, os elementos da estrutura xeral e a asignación de usos e dos seus niveis de intensidade contidas no Proxecto Sectorial, remitindo a súa ordenación pormenorizada á xa formalizada por este.

c. O réxime urbanístico que se corresponde coas previsións do Proxecto Sectorial, é o propio do Solo Urbanizable; polo que, á totalidade do solo integrado no Sector definido por este, seranlle de aplicación as condicións e estándares urbanísticos e o réxime xurídico correspondente, contemplado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

7. DETERMINACIÓN DOS POLÍGONOS DE EXECUCIÓN

O ámbito do presente Proxecto configúrase como un único polígono de execución, mantendo o criterio do proxecto sectorial en vigor.

De todos xeitos, tal e como se recolle no documento de delimitación de fases de urbanización do parque de actividades económicas de Arteixo, e seguindo as directrices recollidas no artigo 10 da Lei 5/2017, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, os proxectos sectoriais, aínda que conste dun único polígono de execución, pódense desenvolver por fases de urbanización que se axusten á demanda de solo empresarial existente.

Polo tanto se recollen no presente documento as catro fases de urbanización recollidas no documento citado anteriormente.

8. PRAZOS PARA O DESENVOLVEMENTO. PLAN DE ETAPAS

Incorpórase ao presente documento o Plan de Etapas definido no documento de delimitación de fases aprobado, no que se determinaba a estratexia de actuación, fixándose os prazos para dar cumprimento aos deberes dos propietarios, entre eles os de urbanización e edificación.

Ao conter o citado documento a delimitación de 4 fases, o seu Plan de Etapas engadiu a orde de prioridades para a súa execución. Neste plan de etapas determináronse uns prazos máximos que poderán ser adiantados por razóns de interese público.

A primeira fase a executar será a fase A, que contén a execución de tódalas conexións exteriores ao ámbito. Posteriormente poderanse executar indistintamente as fases B, C e D, xa que a división de fases permite o funcionamento axeitado de cada unha delas en conxunto coa fase A.

As actuacións a realizar para a execución integral do Parque de Actividades Económicas de Arteixo son de natureza diversa, e se resumen nas etapas definidas no documento de delimitación de fases aprobado, e que a continuación se transcriben.

FASE A

As obras de urbanización da Fase A executaranse nun prazo máximo de VINTECATRO (24) MESES, contados a partir da remisión para a súa toma de coñecemento do correspondente proxecto de urbanización por parte do Concello. Este prazo incluírá a execución da totalidade das obras de urbanización, incluídas as conexións cos sistemas xerais de saneamento, abastecemento de auga, enerxía eléctrica, telefonía, alumeadado público.

Nesta fase realizaranse as conexións exteriores previstas no proxecto sectorial vixente, conectando a rede de abastecemento ata a glorieta de Sabón, e a rede de saneamento ata o interceptor de Seixedo, incluíndo a renovación de dito interceptor ata o tanque de tormentas da glorieta de Sabón. Tamén se desenvolven nesta fase os estanques de recollida de augas pluviais, a subestación eléctrica e o vial de acceso.

FASE B

As obras de urbanización da Fase B executaranse nun prazo máximo de VINTECATRO (24) MESES, contados a partir da aprobación do proxecto de urbanización. Este prazo incluírá a execución da totalidade das obras de urbanización, incluídas as conexións cos sistemas xerais de saneamento, abastecemento de auga, enerxía eléctrica, telefonía, alumeadado público.

Nesta fase se inclúe a conexión exterior de saneamento desde o tanque de tormentas de Sabón; e o reforzo da conexión exterior de abastecemento do parque ca nova rede xeral de abastecemento municipal a executar polo concello de Arteixo.

FASE C

As obras de urbanización da Fase C executaranse nun prazo máximo de VINTECATRO (24) MESES, contados a partir da aprobación do proxecto de urbanización. Este prazo incluírá a execución da totalidade das obras de urbanización, incluídas as conexións cos sistemas xerais de saneamento, abastecemento de auga, enerxía eléctrica, telefonía, alumeadado público, etc.

FASE D

As obras de urbanización da Fase D executaranse nun prazo máximo de VINTECATRO (24) MESES, contados a partir da aprobación do proxecto de urbanización. Este prazo incluírá a execución da totalidade das obras de urbanización, incluídas as conexións cos sistemas xerais de saneamento, abastecemento de auga, enerxía eléctrica, telefonía, alumeado público, etc.

Os prazos sinalados no presente plan de etapas poderanse prorrogar por causas debidamente xustificadas coa autorización da administración competente.

9. DETERMINACIÓNS DE XESTIÓN

9.1. SISTEMA DE ACTUACIÓN

O presente documento mantén o sistema de actuación previsto no Proxecto Sectorial en vigor, que é o de expropiación.

A adquisición da totalidade dos inmobles abarcados pola actuación así como as conexións de servizos exteriores e accesos levouse a cabo, na súa integridade, mediante a súa Expropiación Forzosa, para a que se definiu un único Polígono Expropiatorio que abarca a totalidade do solo comprendido no perímetro delimitado como ámbito territorial deste Proxecto Sectorial.

A estes efectos o Instituto Galego da Vivenda e Solo formalizou, no seu momento, un convenio específico para a adquisición do solo en virtude da potestade expropiatoria que lle confire a Lei; redactou e tramitou a documentación necesaria para a execución desta Actuación Urbanística de carácter Sectorial, de conformidade coa lexislación vixente en Galicia en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio.

Así mesmo, no acordo de aprobación definitiva do Proxecto Sectorial, o Consello da Xunta de Galicia acordou a declaración de utilidade pública ou interese social das obras previstas e concretadas no Proxecto Sectorial, así como a necesidade de ocupación para efectos de expropiación de bens e dereitos necesarios para a súa execución (artigo 11.5 do Decreto 80/2000), para o cal a documentación do Proxecto Sectorial incluíu a preceptiva descrición física e xurídica individualizada dos bens e dereitos afectados.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, xestionou, como Administración actuante e con capacidade bastante, o correspondente expediente expropiatorio de todos os terreos necesarios para a execución da actuación. A única entidade beneficiaria de dita expropiación é XESTUR.

En Arteixo, outubro de 2019

Os arquitectos:

Fdo: Álvaro Fernández Carballada

Fdo: Beatriz Aneiros Filgueira

ANEXO 1. FICHA RESUMEN DO ÁMBITO ORDENADO

ANEXO 1. FICHA RESUMO DO ÁMBITO ORDENADO

Ficha resumo do sector ordenado, facendo referencia a cada un dos polígonos delimitados, coas características de superficies, usos cuantificados e edificabilidades.

MODIFICACIÓN PROXECTO SECTORIAL			
TITULARIDAD	USO	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE
PRIVADAS	Industrial	996.542 m ²	815.570,1 m ² e
	Terciario	13.314 m ²	19.971,0 m ² e
	TOTAL PRIVADAS	1.009.856 m ²	835.541,1 m ² e
PÚBLICAS	Sistema Xeral - Espazo libre	102.381 m ²	
	Sistema Xeral - Equipamento	10.592 m ²	
	Sistema Xeral - Viario	107.282 m ²	
	Sistemas Xerais	220.255 m ²	
	Sistema Local - Espazo libre	138.803 m ²	
	Sistema Local - Equipamento	14.298 m ²	
	Sistema Local - Reserva infraestruturas	9.814 m ²	
	Sistema Local - Viario	114.966 m ²	
	Sistema Local - Aparcamiento	20.318 m ²	
	Sistemas Locais	298.199 m ²	
	TOTAL PÚBLICAS	518.454 m ²	
TOTAL	1.528.310 m ²	835.541,1 m ² e	

**ANEXO 2. BENS E DEREITOS AFECTADOS NO PROXECTO DE CONEXIÓN
EXTERIOR DE SANEAMENTO DO PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS
DE ARTEIXO**

ANEJO DE BIENES Y DERECHOS AFECTADOS

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	1
2. DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS.....	1
3. NATURALEZA DEL RÉGIMEN DEL SUELO	1
4. METODOLOGÍA	2
4.1. INTRODUCCIÓN.....	2
4.2. DOCUMENTACIÓN BASE A UTILIZAR	3
4.3. DELIMITACIÓN DE LOS LÍMITES DE OCUPACIÓN	3
4.4. RELACIÓN DE PARCELAS	3
5. AFECCIONES TERRENOS DE DOMINIO PÚBLICO	3
6. AFECCIÓN SOBRE TERRENOS DE TITULARIDAD PRIVADA	3

APÉNDICE Nº1: PLANOS

APÉNDICE Nº2: TABLAS VALORACIÓN

APÉNDICE Nº3: FICHAS CATASTRALES

1. INTRODUCCIÓN

El objeto del Presente Anejo es la identificación de los bienes y derechos afectados como resultado de la ejecución de las obras, diferenciándose entre aquellos que correspondan a propiedad pública o privada. Además, se realiza la medición de los terrenos diferenciando entre los que deben ser objeto de ocupación temporal, acueducto o definitiva por las obras del “*Proxecto de conexión exterior de saneamento do Parque de Actividades Económicas de Arteixo*”.

La ocupación necesaria para la ejecución del proyecto constructivo se sitúa en terrenos pertenecientes al término municipal de **Arteixo**, en la provincia de A Coruña.

Las obras obligan a:

- El establecimiento de una servidumbre de acueducto sobre la franja de terreno afectada por el trazado de la red que se pretende.
- La obtención, en pleno dominio, de las zonas en las que se emplazan las obras de fábrica necesarias.
- El establecimiento de ocupaciones temporales de los terrenos necesarios para la ejecución de las obras: accesos y establecimiento de parques de maquinaria, instalaciones seguridad y salud y para la gestión de residuos. Las ocupaciones temporales que se indican en el presente documento son meramente orientativas; corresponderá a la empresa constructora adjudicataria del contrato de ejecución la obtención de permisos en caso de que desee disponer de las superficies indicadas.

2. DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS

Se proyecta la construcción de un sistema de colectores y elementos complementarios de saneamiento de forma que los caudales de aguas residuales generados en el polígono industrial de Morás sean incorporados al actual sistema de saneamiento del núcleo de Arteixo. Mediante la renovación y ampliación de una parte importante de la red municipal se conducirán las aguas residuales desde el Polígono de Morás hasta la arqueta de carga del sifón de Bens.

El sistema de saneamiento proyectado posee una longitud de 5,2 km aproximadamente y los nuevos colectores transcurren en su mayoría por gravedad, a excepción de la impulsión de la estación de bombeo de Sabón.

Para la conexión exterior del polígono industrial de Morás se proyectan dos colectores: el primero de ellos, denominado como **Colector 1**, constituye la conexión situada más a la zona Este y se compone de dos tramos claramente diferenciados: uno inicial, proyectado en PVC-C DN 400 SN 8 y de longitud 220 m que transcurre desde el polígono hasta el lugar dónde se acomete el colector 2, y un tramo final de PRFV DN 600 SN 10.000 y de longitud 613 m, que conecta con el colector interceptor de Seixedo. En este tramo se prevé asimismo un grapado al viaducto existente sobre la Rúa da Ponte. La segunda conexión, reflejada como **Colector 2**, constituye la conexión ubicada hacia la parte Oeste del polígono (por la que está previsto que se acometa el caudal de agua residual generado por un gran consumidor de próxima instalación) y se proyecta en PRFV DN 500 SN 10.000 que cuenta con una longitud de 228 m y se conecta aguas abajo del polígono al colector 1.

Debido al incremento en el aporte de caudal del colector 1 sobre el **colector interceptor de Seixedo**, se prevé la ampliación y renovación de este último desde la incorporación del colector 1 hasta el tanque de tormentas de Seixedo I. Este colector se proyecta en PRFV DN 800 SN 10.000 y cuenta con una longitud de 662 m.

Aguas abajo de este depósito se encuentra la rotonda de Seixedo, lugar en el que comienza el **colector interceptor de Sabón** que discurre desde este punto por el borde litoral hasta la estación de bombeo de Sabón. El actual interceptor que conecta los tanques existentes de tormentas con el bombeo de Sabón, presenta importantes problemas de acumulación de sedimentos que hace que con relativa frecuencia se obstruya y provoque vertidos de aguas residuales al embalse de Rosadoiro. Es por ello que este Proyecto analiza y diseña la renovación de este interceptor con el fin de eliminar o minimizar estos problemas.

El nuevo interceptor de Sabón sustituye a la actual conducción, entre la rotonda de entrada al Polígono Industrial de Sabón y el bombeo de Sabón, donde se conecta a la cámara de desbaste. La longitud total de

colector a ejecutar es de 1.514 metros. Este se ejecutará mediante tubería de PRFV PN1 SN10.000 de 1.000 mm de diámetro, y contará con una arqueta de conexión y treinta y cuatro pozos de registro. La arqueta de unión con la red existente, P36, se ubicará a la altura de la parcela 143Bis, en la Avenida da Praia, será de hormigón armado HA-30 con dimensiones interiores en planta 2,25 x 1,90 m2 y altura de 2 metros. Los pozos de registro serán circulares, prefabricados en PRFV, con un diámetro interior de 1.000 mm., y acceso mediante tapa circular de fundición estanca de 600 mm. de diámetro y los correspondientes pates para acceso interior. En el P-0 se instalará un caudalímetro con sistema de medida por láser y ultrasonidos.

A causa de la incorporación del caudal de agua residual del polígono de Morás, es necesario dimensionar y proyectar la ampliación de la capacidad de la **estación de bombeo de aguas residuales (EBAR) de Sabón**.

Consecuentemente, es necesario aumentar la impulsión del bombeo de Sabón, por lo que se proyecta una nueva conducción de **impulsión de la EBAR Sabón** en FD 800 con sus respectivas ventosas y desagües desde este bombeo hasta la descarga en el colector interceptor de Suevos, contando con una longitud de 1.408 m.

Finalmente, se proyecta la ampliación del **colector interceptor de Suevos** de forma paralela al existente, de forma que por el colector interceptor de Suevos actual únicamente circule el caudal de agua residual procedente de la estación de bombeo de Rañal y el generado por la población del núcleo de Suevos. En un primer tramo, con pendiente suficiente, se contempla la instalación de un colector de PRFV DN 600 SN 10.000 durante 698 m. Además, en este mismo tramo se procederá a la renovación de la red de aguas pluviales existente en el núcleo de Suevos de PVC DN 315 y 400, dado que se proyecta su demolición para la instalación del nuevo colector interceptor de Suevos. El segundo tramo, de pendiente limitada, se proyecta en PRFV DN 900 SN 10.000 y tiene su fin en la arqueta de carga del sifón de Bens. Destacar, que para la instalación de este tramo es necesario cruzar la autovía AC-15, por lo que se proyectan 2 hincas con camisa de acero de diámetro 1.200 mm en cuyo interior se alojarán las conducciones de PRFV DN 800 SN 10.000 (esta servirá de by-pass provisional para desviar el caudal total de agua residual por la misma hasta que se finalice la segunda hincas) y de PRFV DN 900 SN 10.000 por el que circulará el caudal de la EBAR de Sabón.

3. NATURALEZA DEL RÉGIMEN DEL SUELO

A efectos del RDL 7/2015, todo el suelo entra en una de las situaciones básicas de suelo rural o urbanizado:

- Suelo Rural: no está funcionando integrado en la trama urbanística.
- Suelo Urbanizado: efectiva y adecuadamente transformado por la urbanización, su destino urbanístico ya se ha hecho realidad.

Atendiendo a la legislación en materia de ordenación territorial que rige en la Comunidad Autónoma de Galicia, la normativa vigente es la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, que las categorías en las que se puede clasificar el territorio:

“Artículo 15. Clasificación del suelo.

Los planes generales de ordenación y los planes básicos municipales habrán de clasificar el territorio municipal en todos o algunos de los siguientes tipos de suelo: urbano, de núcleo rural, urbanizable y rústico.

Artículo 16. Suelo urbano.

1. Los planes generales y los planes básicos clasificarán como suelo urbano los terrenos que estén integrados en la malla urbana existente, siempre que reúnan alguno de los siguientes requisitos:

- a) Que cuenten con acceso rodado público y con los servicios de abastecimiento de agua, evacuación de aguas residuales y suministro de energía eléctrica, proporcionados mediante las correspondientes redes públicas o pertenecientes a las comunidades de usuarios reguladas por la legislación sectorial de aguas, y con características adecuadas para servir a la edificación existente y a la permitida por el plan.

A estos efectos, los servicios construidos para la conexión de un sector de suelo urbanizable, las carreteras y las vías de la concentración parcelaria no servirán de soporte para la clasificación como urbanos de los terrenos adyacentes, salvo cuando estén integrados en la malla urbana.

b) Que, aun careciendo de algunos de los servicios citados en el apartado anterior, estén comprendidos en áreas ocupadas por la edificación, al menos en las dos terceras partes de los espacios aptos para ella, según la ordenación que el plan general o el plan básico establezcan.

2. A los efectos de la presente ley, se consideran incluidos en la malla urbana los terrenos que dispongan de una urbanización básica constituida por unas vías de acceso y comunicación y unas redes de servicios de las que puedan servirse los terrenos y que estos, por su situación, no estén desligados del entramado urbanístico ya existente.

Artículo 23. Suelo de núcleo rural.

1. Constituyen el suelo de núcleo rural las áreas del territorio que sirven de soporte a un asentamiento de población singularizado, identificable y diferenciado administrativamente en los censos y padrones oficiales que el planeamiento defina y delimite teniendo en cuenta el número de edificaciones, la densidad de viviendas, su grado de consolidación por la edificación y, en su caso, la tipología tradicional de su almacén y de las edificaciones existentes en el mismo.

2. El planeamiento, en congruencia con el modelo de asentamiento poblacional que incorpore en el estudio del medio rural, delimitará los núcleos rurales de su ámbito de aplicación en atención a los parámetros anteriores, significadamente los antecedentes existentes de delimitaciones anteriores, sus peculiaridades urbanísticas y morfológicas y su capacidad de acogida de la demanda previsible del uso residencial en el medio rural. La definición de su perímetro se realizará en función de las condiciones topográficas y la estructura de la propiedad y de su nivel de integración en las dotaciones y servicios existentes en el mismo en los términos previstos en la presente ley, y se ajustarán a las infraestructuras y huellas físicas de los elementos naturales existentes, siendo necesario, en su caso, prever la total urbanización y suficiencia de las redes de dotaciones, comunicaciones y servicios.

3. La delimitación de los núcleos rurales que el planeamiento establezca vendrá referida a alguno de los siguientes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función de sus características morfológicas, de la tipología tradicional de las edificaciones, de la vinculación con la explotación racional de los recursos naturales o de circunstancias de otra índole que manifiesten la vinculación tradicional del núcleo con el medio físico en el que se ubica.

Su delimitación se realizará en atención a la cercanía de las edificaciones, los lazos de relación y coherencia entre lugares de un mismo asentamiento con topónimo diferenciado y la morfología y tipologías propias de dichos asentamientos y del área geográfica en la que se encuentran (caserío, lugar, aldea, barrio u otro), de modo que el ámbito delimitado presente una consolidación por la edificación de, al menos, el 50 %, de acuerdo con la ordenación propuesta y trazando una línea perimetral que encierre las edificaciones tradicionales del asentamiento siguiendo el parcelario y las huellas físicas existentes (caminos, ríos, riachuelos, ribazos y otros).

3. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade nas zonas de protección das estradas autonómicas correspóndelle á Axencia Galega de Infraestruturas, ou ó órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.
4. As limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos para as zonas de protección e pola liña límite de edificación serán efectivas tamén para os terreos afectados por actuacións previstas, logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción correspondentes.

1.2.3 LIMITACIÓNS DE USO DERIVADAS DO RUÍDO

Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento.





2 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANO

2.1 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN

As parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas de titularidade autonómica só se poderán autorizar cando o acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas se resolva a través:

- a) Doutras viarios públicos que non sexan estradas de titularidade autonómica.
- b) Dun acceso único a través da estrada autonómica, autorizado pola súa administración titular, cando a finca orixinal non conte con posibilidade de acceso alternativo a través doutros viarios públicos. En todo caso, poderán ser independentes a entrada e a saída á estrada.

2.2 CONDICIÓN DE POSICIÓN

2.2.1 POSICIÓN DA EDIFICACIÓN

As edificacións e outras construcións nas marxes das estradas autonómicas non se situarán máis próximas a estas que a aliñación de edificación sinalada nos planos de ordenación.

Non se admitirán voos sobre as aliñacións de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2.2.2 POSICIÓN DO PECHE

Os peches de parcelas nas marxes das con estradas de titularidade autonómica, calquera que sexa a súa tipoloxía, poderán situarse nas aliñacións oficiais exteriores.

2.3 CONDICIÓN DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestructuras, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.

2.4 OBRAS PERMITIDAS EN SITUACIÓN DE PARCIAL INCOMPATIBILIDADE CO PLAN

As edificacións, instalacións e peches preexistentes, nos solos urbanos, situados nas marxes das estradas autonómicas, quedarán en situación de parcial incompatibilidade co plan cando se sitúen máis afastados da estrada que a aliñación de viario, pero máis próximas á mesma que a aliñación de edificación.

Nestes casos, só poderán autorizarse obras de conservación, mantemento e rehabilitación, así coma as obras de reforma, que en ningún caso poderá supoñer un aumento de volume da construción existente, por enriba ou por debaixo da rasante.





3 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO DE NÚCLEO RURAL

3.1 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN

1. As parcelacións e segregacións de parcelas lindadeiras coas estradas de titularidade autonómica só se poderán autorizar cando o acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas se resolva a través:

- a) Doutras viarios públicos que non sexan estradas de titularidade autonómica.
- b) Dun acceso único a través da estrada autonómica, autorizado pola súa administración titular, cando a finca orixinal non conte con posibilidade de acceso alternativo a través doutros viarios públicos. En todo caso, poderán ser independentes a entrada e a saída á estrada.

2. Será requisito, para a realización de parcelacións e segregacións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas, a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestructuras, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións, agás que esta teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretenda realizar aquela.

3.2 CONDICIÓN DE POSICIÓN

3.2.1 POSICIÓN DA EDIFICACIÓN

1. As edificacións e outras construcións nas marxes das estradas autonómicas non se situarán máis próximas a estas que a aliñación de edificación sinalada nos planos de ordenación.

Non se admitirán voos sobre as aliñacións de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de todo tipo de edificacións e outras construcións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas, a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestructuras, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretendan realizar aquelas.

3.2.2 POSICIÓN DO PECHE

1. A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica, segundo a súa tipoloxía, rexeráse polas seguintes condicións:

- a) Os peches completamente diáfanos, sobre piquetes sen cimentación de obra de fábrica, por circunstancias de aproveitamento agrícola ou gandeiro debidamente acreditadas, poderán situarse no borde da parcela.
- b) Os peches diáfanos, con cimentación de obra de fábrica que non sobresaia máis de corenta centímetros (40 cm) en ningún punto da rasante do terreo, non poderán situarse máis próximos á estrada que a aliñación oficial exterior, grafada nos planos de ordenación.
- c) O resto de peches non diáfanos ou de obra de fábrica, non poderán situarse máis próximos á estrada que a aliñación de edificación.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de peches nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas, a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestructuras, ou do órgano da administración autonómica que





asuma as súas funcións, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretenda realizar aquela.

3.3 CONDICIÓN DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.

3.4 OBRAS PERMITIDAS EN SITUACIÓN DE PARCIAL INCOMPATIBILIDADE CO PLAN

As edificacións, instalacións e peches preexistentes, nos solos de núcleo rural, cando fosen recoñecidos como treitos urbanos de núcleo rural a efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, situados nas marxes das estradas autonómicas, quedarán en situación de parcial incompatibilidade co plan cando se sitúen máis afastados da estrada que a aliñación de viario, pero máis próximas á mesma que a aliñación de edificación.

Nestes casos, só poderán autorizarse obras de conservación, mantemento e rehabilitación, así coma as obras de reforma, que en ningún caso poderá supoñer un aumento de volume da construción existente, por enriba ou por debaixo da rasante.



4 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANIZABLE

4.1 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN

1. As parcelacións e segregacións de parcelas lindadeiras coas estradas de titularidade autonómica só se poderán autorizar cando o acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas se resolva a través doutros viarios públicos que non sexan estradas de titularidade autonómica.
2. Será requisito para a realización de parcelacións e segregacións nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestructuras, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

4.2 CONDICIÓN DE POSICIÓN

4.2.1 POSICIÓN DA EDIFICACIÓN

1. Entre as estradas de titularidade autonómica e a liña límite de edificación, segundo a establece a lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas, prohíbese calquera tipo de construción de nova planta, por encima ou por debaixo da rasante do terreo.

Nas edificacións e instalacións preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada das estradas e a liña límite de edificación só se poderán autorizar excepcionalmente as actuacións permitidas na lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.

Non se admitirán voos sobre as liñas límites de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de todo tipo edificacións e outras construcións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestructuras, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

4.2.2 POSICIÓN DO PECHE

1. A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica rexerese pola lexislación e normativa sectorial aplicable en materia de estradas.

Nos peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada das estradas e a liña límite de edificación só se poderán autorizar excepcionalmente as actuacións permitidas na lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.

Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de peches nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestructuras, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

4.3 CONDICIÓN DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestructuras, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.





O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.





5 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO RÚSTICO

5.1 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN

1. As parcelacións e segregacións de parcelas lindadeiras coas estradas de titularidade autonómica só se poderán autorizar cando o acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas se resolva a través doutros viarios públicos que non sexan estradas de titularidade autonómica.
2. Será requisito para a realización de parcelacións e segregacións nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

5.2 CONDICIÓN DE POSICIÓN

5.2.1 POSICIÓN DA EDIFICACIÓN

1. Entre as estradas de titularidade autonómica e a liña límite de edificación, segundo a establece a lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas, prohibese calquera tipo de construción de nova planta, por encima ou por debaixo da rasante do terreo.

Non se admitirán voos sobre as liñas límites de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de todo tipo edificacións e outras construcións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

5.2.2 POSICIÓN DO PECHE

1. A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica rexerese pola lexislación e normativa sectorial aplicable en materia de estradas.
2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de peches nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

5.3 CONDICIÓN DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.



D. AVALIACIÓN ECONÓMICA

INDICE

1. ESTUDO ECONÓMICO	1
1.1. INTRODUCCIÓN.....	1
1.2. COSTO DE OBTENCIÓN DO SOLO.....	2
1.3. GASTOS DE CONEXIÓN E REFORZO DE SISTEMAS XERAIS	2
1.4. OBRAS DE URBANIZACIÓN	2
2. MEMORIA DE SOSTENIBILIDADE ECONÓMICA	3
2.1. IMPLANTACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS.....	3
2.2. MANTENIMENTO DAS INFRAESTRUTURAS.....	3
2.3. POSTA EN MARCHA E PRESTACIÓN DE SERVIZOS.....	4
2.4. CÁLCULO DE INGRESOS DO CONCELLO ORIGINADOS POLO DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO DO SECTOR	4
2.5. IMPACTO SOBRE A FACENDA LOCAL	5
3. MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA	7
3.1. CONDICIÓN DE VIABILIDADE ECONÓMICA	7
3.2. COSTE DE PRODUCCIÓN DE SOARES EDIFICABLES	7
3.2.1. Valor do solo sen transformar.....	7
3.2.2. Cargas de urbanización.....	7
3.3. INGRESOS DA PRODUCCIÓN DE SOLAES EDIFICABLES.....	8
3.4. ANÁLISIS DA VIABILIDADE ECONÓMICA.....	8

1. ESTUDO ECONÓMICO

En cumprimento dos artigos 68.k) e 69.d) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG).

Artigo 68. Determinacións

Os plans parciais conterán, en todo caso, as seguintes determinacións:

(...)

k) *Avaliación económica da implantación dos servizos e da execución das obras de urbanización, incluíndo a conexión aos sistemas xerais e, se é o caso, as obras de ampliación ou reforzo deles.*

Artigo 69. Documentación

Os plans parciais comprenderán, co contido que se fixe regulamentariamente, os seguintes documentos:

(...)

d) *Avaliación económica da implantación dos servizos e execución das obras de urbanización, incluídas as conexións cos sistemas xerais existentes e a súa ampliación ou reforzo.*

e) (...)

En primeiro termo establecer que o ACTECA divídese en catro fases de desenvolvemento; a primeira delas, a fase A, conta con proxecto de urbanización aprobado e actualmente atópase en fase de execución. As outras tres fases aínda non desenvolvéronse.

Por outro lado, as conexións exteriores necesarias para o correcto funcionamento do ACTECA (abastecemento, saneamento, viarios, etc.) contan con proxectos aprobados e en execución.

Co anterior, o presente estudo económico incorpora as determinacións dos respectivos proxectos aprobados, a fin de obter un documento íntegro e común para a totalidade da actuación.

O promotor da actuación (Xestur) asume o custo da actuación, excepto no caso da conexión exterior viaria que é asumido pola AXI, e a nova rede de abastecemento municipal grafiada nos planos, que é un proxecto promovido e financiado polo concello de Arteixo.

1.1. INTRODUCCIÓN

Dando cumprimento ao establecido na Lei 2/2016, avaliaranse a continuación os custos de implantación dos servizos urbanísticos previstos.

A pesares de que o presente estudo incorpora as determinacións dos proxectos aprobados, en tanto non se desenvolvan os correspondentes proxectos de urbanización do resto de fases de desenvolvemento esta avaliación considérase orientativa, xa que serán estes proxectos os documentos técnicos que establezan finalmente o coste definitivo do desenvolvemento.

Avalíase o custo de execución por contrata (sen IVE) en 87.455.057 €, desagregándose nos seguintes importes:

- Obtención do solo	25.585.812 €
- Gastos de conexión e reforzo de sistemas xerais.....	11.808.547 €
- Obras de urbanización	50.060.698 €

A este respecto establecer que a conexión exterior viaria é costeada pola Axencia Galega de Infraestruturas, polo que non se inclúe dentro dos custos a asumir polo promotor da actuación.

1.2. COSTO DE OBTENCIÓN DO SOLO

O sistema de xestión da actuación é o de expropiación. Na actualidade Xestur é o propietario da totalidade da superficie do ámbito, coa única excepción dos terreos de dominio público que mantéñense (dominio público viario da estrada da Deputación DP-0512, e o dominio público hidráulico do pequeno rego que nace no extremo norte).

O custo final de adquisición dos terreos do sector ascendeu a 25.585.812 €

1.3. GASTOS DE CONEXIÓN E REFORZO DE SISTEMAS XERAIS

A valoración recolle todas as obras necesarias para a conexión das instalacións interiores do sector, ás redes e infraestruturas de servizos situados fóra do mesmo.

01. Abastecemento.....	826.136 €
02. Saneamento (pluviais máis fecais).....	8.120.429 €
03. Gas.....	361.983 €
04. Electricidade (subestación e outros).....	2.500.000 €
TOTAL GASTOS CONEXIÓN E REFORZO SISTEMAS XERAIS.....	11.808.547 €

A este respecto recordar que a conexión exterior viaria é costeada pola Axencia Galega de Infraestruturas, polo que non se inclúe dentro dos custos a asumir polo promotor da actuación.

1.4. OBRAS DE URBANIZACIÓN

A continuación procédese a analizar o coste de execución das obras de urbanización.

COSTO URBANIZACIÓN (PEM)	
CONCEPTO	TOTAL
Traballos previos e demolicións	1.653.862 €
Movementsos de terras	32.741.538 €
Tratamentos de noiros	339.827
Firmes e pavimentos	4.032.538 €
Redes de servizos urbanos	7.391.180 €
Sinalización e seguridade vial	229.957 €
Cumprimento da DIA	133.955 €
Programa de vixilancia ambiental	143.498 €
Xestión de residuos	382.104 €
Seguridade e saúde	496.400 €
Varios	934.646 €
Reposición de servizos	1.577.192 €
TOTAL	50.060.698 €

2. MEMORIA DE SOSTENIBILIDADE ECONÓMICA

En cumprimento do artigo 22.4 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana.

Artículo 22. Evaluación y seguimiento de la sostenibilidad del desarrollo urbano, y garantía de la viabilidad técnica y económica de las actuaciones sobre el medio urbano

(...)

4. La documentación de los instrumentos de ordenación de las actuaciones de transformación urbanística deberá incluir un informe o memoria de sostenibilidad económica, en el que se ponderará, en particular, el impacto de la actuación en las Haciendas Públicas afectadas por la implantación y el mantenimiento de las infraestructuras necesarias o la puesta en marcha y la prestación de los servicios resultantes, así como la suficiencia y adecuación del suelo destinado a usos productivos.

(...)

2.1. IMPLANTACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS

Os custos de implantación, conexión e reforzo das infraestruturas son o resultado da suma dos capítulos correspondentes reflectidos no estudo económico que a continuación se relacionan:

- Obtención do solo	25.585.812 €
- Gastos de conexión e reforzo de sistemas xerais.....	11.808.547 €
- Obras de urbanización	50.060.698 €

Avalíase o custo total de execución en 87.455.057 €(S/IVE). Devanditos custos son costeados por Xestur tal e como establece os convenios e acordos subscritos.

2.2. MANTENIMENTO DAS INFRAESTRUTURAS

O mantemento das redes de infraestruturas públicas que se relacionan a continuación, con concesión administrativa, serán asumidos polas compañías concesionarias con cargo ás cotas dos novos abonados:

- Abastecemento de auga: Concello de Arteixo
- Saneamento: Concello de Arteixo
- Limpeza e recollida de Residuos Sólidos Urbanos. Concello de Arteixo.
- Rede eléctrica: Naturgy
- Rede de gas: Naturgy
- Redes de telecomunicacións. Telefónica, R.

No cadro adxunto reflíctense os parámetros propios do ámbito:

PARÁMETROS URBANÍSTICOS DO ÁMBITO	
Superficie	1.528.310 m ²
Edificabilidade	835.541 m ² e
Habitantes equivalentes	1.782 hab-equiv
Superficie VI	222.253 m ²
Superficie EL	241.127 m ²
Superficie EQ	24.877 m ²
Puntos alumado público	219 Ud

A continuación móstrase o cálculo dos custos de mantemento do resto das infraestruturas.

COSTOS ANUAIS MANTEMENTO INFRAESTRUTURAS		
CONCEPTO	RATIO	COSTO
Mantemento de viario	0,25 €/m ²	28.892,89 €
Limpeza viaria	10,50 €/hab	18.711,00 €
Parques e xardíns	0,70 €/m ²	60.295,25 €
Alumado público viario	65 €/Ud	8.740,61 €
Abastecemento	Autofinanciación	- €
Saneamento + depuración	Autofinanciación	- €
Xestión RSU	Autofinanciación	- €
TOTAL		116.639,75 €

Por último mencionar que os propietarios do Parque haberán de integrarse nunha entidade de conservación para o mantemento daqueles servizos e instalacións que non sexan asumidas polo Concello, establecendo unha limitación temporal de 10 anos. No obstante, a actual lexislación de aplicación fixa un máximo temporal para esta obriga de 5 anos, a partir da cal a devandita obriga será asumida polo Concello.

2.3. POSTA EN MARCHA E PRESTACIÓN DE SERVIZOS

Os custos que se calculan neste epígrafe débense ao gasto derivado do investimento municipal en seguridade e benestar social cidadán, contribución aos gastos xerais e financeiros do Concello, e ao custo de subvencións a mozas e xubilados polo transporte urbano. Non é obxecto deste documento xa que o uso do novo sector é industrial co que non se aumenta o número de vivendas.

Doutra banda o Concello de Arteixo conta con servizo de transporte urbano dende comezo do presente ano, pero non é previsible que dito servizo chegue en corto espazo de tempo ao sector en desenvolvemento, dado que dito servizo aínda está en proceso de implantación, polo que non é obxecto deste estudo.

2.4. CÁLCULO DE INGRESOS DO CONCELLO ORIGINADOS POLO DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO DO SECTOR

Como en epígrafes anteriores diferenciaremos uns ingresos iniciais que determinaremos no ano 0, considerando que se desenvolve o 100 % do sector nestes primeiros 5 anos, e uns ingresos anuais nos sucesivos. Para cuantificar os devanditos valores consideraremos os factores que interveñen de forma máis significativa a raíz do desenvolvemento urbanístico do sector que se reflicten nas seguintes táboas:

INGRESOS INICIAIS ANO 0		
CONCEPTO	RATIO	INGRESOS
Licencia de obra (taxa est.)	1,41 €/m ²	1.178.112,95 €
ICIO	3,1 % PEM	125.954,55 €
Primeira ocupación	0,25 €/m ²	208.885,27 €
Licencia actividade/apertura	Estimación s/Ordenanzas	1.033.189,34 €
Taxa augas, lixo e saneamento	Estimación s/Ordenanzas	775.866,22 €
IBI industrial / terciario	0,4 % Vcatastral	511.351,15 €
Aportación do Estado	0,0 €/hab	0,00 €
Aportación Xunta	0,0 €/hab	0,00 €
TOTAL INGRESOS ANO 0		3.833.359,5 €

INGRESOS ANUAIS		
CONCEPTO	RATIO	INGRESOS
IBI industrial / terciario	0,4 % Vcatastral	511.351,15 €
Taxa augas, lixo e saneamento	Estimación s/Ordenanzas	775.866,22 €
Aportación do Estado	0,0 €/hab	0,00 €
Aportación Xunta	0,0 €/hab	0,00 €
TOTAL		1.287.217,37 €

2.5. IMPACTO SOBRE A FACENDA LOCAL

Como resultado dos cálculos anteriores, para avaliar o impacto sobre a facenda local realizaremos un balance considerando datos iniciais do ano 0 e os datos para os anos sucesivos; entendendo como ano 0 momento no que as obrigas de mantemento serán asumidas polo Concello. O resumo de resultados móstrase nas táboas que figuran a continuación:

ANO 0

O total de costes iniciais ascende a 116.639,75 €

COSTOS ANUAIS MANTEMENTO INFRAESTRUTURAS		
CONCEPTO	RATIO	COSTO
Mantemento de viario	0,25 €/m ²	28.892,89 €
Limpeza viaria	10,50 €/hab	18.711,00 €
Parques e xardíns	0,70 €/m ²	60.295,25 €
Alumeado público viario	65 €/Ud	8.740,61 €
Abastecemento	Autofinanciación	- €
Saneamento + depuración	Autofinanciación	- €
Xestión RSU	Autofinanciación	- €
TOTAL		116.639,75 €

A continuación calcúlase os ingresos totais.

INGRESOS INICIAIS		
CONCEPTO	RATIO	INGRESOS
Licencia de obra (taxa est.)	1,41 €/m ²	1.178.112,95 €
ICIO	3,1 % PEM	125.954,55 €
Primeira ocupación	0,25 €/m ²	208.885,27 €
Licencia actividade/apertura	Estimación s/Ordenanzas	1.033.189,34 €
TOTAL INGRESOS INICIAIS		2.546.142,12 €

INGRESOS ANUAIS		
CONCEPTO	RATIO	INGRESOS
Taxa augas, lixo e saneamento	Estimación s/Ordenanzas	775.866,22 €
IBI industrial / terciario	0,4 % Vcatastral	511.351,15 €
Aportación do Estado	0,0 €/hab	0,00 €
Aportación Xunta	0,0 €/hab	0,00 €
TOTAL INGRESOS ANO		1.287.217,37 €

A continuación calcúlase a diferenza entre costes e ingresos no período inicial, no caso de que o desenrolo do sector acadara no ano 5 o 100%, e considerando que os primeiros cinco anos o mantemento das infraestruturas é asumido polos propietarios do solo.

$$\text{SALDO (INGRESOS – GASTOS INICIAIS)} = (2.546.142,12 + 1.287.217,37) - 0 = 3.833.359,5 \text{ €}$$

Os ingresos anuais a partir do ano 5 considerados son os seguintes:

INGRESOS ANUAIS		
CONCEPTO	RATIO	INGRESOS
IBI industrial / terciario	0,4 % Vcatastral	511.351,15 €
Taxa augas, lixo e saneamento	Estimación s/Ordenanzas	775.866,22 €
Aportación do Estado	0,0 €/hab	0,00 €
Aportación Xunta	0,0 €/hab	0,00 €
TOTAL		1.287.217,37 €

O saldo entre ingresos e gastos anuais a partir do ano 5 (momento no que o Concello asume o custo de mantemento das infraestruturas) ascende a:

$$\text{SALDO (INGRESOS – GASTOS ANUAIS)} = 1.287.217,37 - 116.639,75 = 1.170.577,60 \text{ €}$$

Co anterior compróbase que resulta un saldo positivo, polo que conclúese que a actuación é economicamente sostible.

3. MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA

3.1. CONDICIÓN DE VIABILIDADE ECONÓMICA

Unha actuación urbanizadora considérase viable economicamente se é capaz de xerar un beneficio polo proceso de transformación de terreos en solares edificables. O beneficio será positivo se os ingresos derivados da venda do produto final (solar edificable), son superiores aos custos de produción (cargas de urbanización) e o valor do solo sen transformar.

O beneficio da produción de solares identifícase, pois, coa plusvalía económica ou maior valor dos terreos tras o proceso de transformación. A lexislación urbanística atribúe, no caso de actuacións urbanísticas promovidas por administracións públicas con destino á creación de solo empresarial, a totalidade do aproveitamento urbanístico será atribuído á administración actuante.

En terminoloxía de valoración inmobiliaria, o beneficio da produción de solares edificables é a diferenza entre o valor residual dos terreos, e o valor inicial dos mesmos. Considérase como valor residual do solo a diferenza entre os ingresos pola venda de solares, e as cargas de urbanización necesarias.

A este respecto, considerando que esta actuación é de interese público e, como tal, o seu obxectivo é o fomento da actividade empresarial e a creación de postos de traballo na comunidade, enténdese que non resulta necesario obter un beneficio da promoción inmobiliaria co desenvolvemento da mesma, polo que non se considera o beneficio da venda dos terreos.

Tendo en conta o anterior, esta actuación será viable economicamente se os ingresos pola venda dos soares son superiores á suma do valor do solo sen transformar máis as cargas de urbanización.

$\text{Valor dos soares} > \text{valor do solo sen transformar} + \text{cargas de urbanización}$
--

3.2. COSTE DE PRODUCCIÓN DE SOARES EDIFICABLES

3.2.1. Valor do solo sen transformar

A presente actuación realizouse polo procedemento de expropiación, polo que considérase como valor do solo sen transformar o custo de expropiación dos terreos do ámbito.

- Obtención do solo 25.585.812 €

3.2.2. Cargas de urbanización

Enténdese por custo da actuación urbanizadora ao conxunto de gastos necesarios para a produción de solares edificables: custo de execución das obras de urbanización, indemnizacións, honorarios profesionais, gastos de xestión, gastos xerais da actividade empresarial, beneficio do urbanizador.

O beneficio do urbanizador considérase un custo da actuación urbanizadora, e non debe confundirse co beneficio da promoción de solares edificables, pois este refírese á plusvalía económica que experimentan os terreos polo proceso de transformación urbanística.

Os custos da actuación identifícanse coas cargas de urbanización definidas na LSG.

A edificabilidade que se obtivo na ordenación proposta é a seguinte.

EDIFICABILIDADE	
Edificabilidade do ámbito	835.541 m ² e
Edificabilidade industrial - terciario	835.541 m ² e

Respecto á cargas de urbanización do ámbito, se consideran os seguintes gastos:

- Gastos de conexión e reforzo de sistemas xerais.....	11.808.547 €
- Obras de urbanización	50.060.698 €
- Gastos xestión.....	848.662 €

Considerando os apartados anteriores, fíxanse unhas **cargas de urbanización de 62.717.907 €**.

3.3. INGRESOS DA PRODUCCIÓN DE SOLARES EDIFICABLES

Os ingresos que se prevén obter na venda dos solares resultantes da actividade urbanizadora, deberán estimarse a partir dos prezos de mercado dos produtos inmobiliarios análogos aos permitidos polo presente planeamento.

A este respecto, o Proxecto Sectorial estima o valor da edificabilidade do solo urbanizado en 107 €/m²e, do que resulta un valor total dos solares do ámbito de 89.402.897 €.

3.4. ANÁLISIS DA VIABILIDADE ECONÓMICA

Tal e como se expuxo en apartados anteriores, a análise da viabilidade económica da actuación vai efectuar considerando a seguinte condición de viabilidade.

Valor dos solares > valor do solo sen transformar + cargas de urbanización
--

Sendo:

Valor dos solares = 107 €/m²e × 835.541 m²e = 89.402.897 €

Valor do solo sen transformar + cargas de urbanización = 88.303.719 €

Condición de Viabilidade: Valor dos soares valor do solo sen transformar cargas de urbanización

89.402.897 € 88.303.719 €

Compróbase que o valor dos solares (89.402.897 €) é lixeiramente superior ao valor de viabilidade económica (88.303.719 €), polo que se conclúe que a actuación é viable economicamente.

En Arteixo, outubro de 2019

Os arquitectos:

Fdo: Álvaro Fernández Carballada

Fdo: Beatriz Aneiros Filgueira